



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SETE (27) DE XULLO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 27 de xullo de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor accidental, D. Óscar Bouzas Martínez.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.





CONCELLO DE
OLEIROS

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022003817, de 21 de xullo, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenarias de constitución de 17 de xuño de 2023 e de 26 de xuño de 2023.
- 2º.- Toma de posesión do concelleiro electo pola Candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG), D. Iván Roca Cruz.
- 3º.- Aprobación definitiva, se procede da modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario.
- 4º.- Aprobación definitiva, se procede do estudo de detalle de axuste de aliñacións na rúa Paraíso, números 18-22 (Perillo).
- 5º.- Rectificar a Rede de Camiños Públicos de titularidade municipal aprobada por acordo do Pleno en sesión celebrada o 26 de xullo de 2012, acordando a exclusión do tramo de camiño que transcorre sobre as parcelas catastrais 3559305NH5936S0001QS e 15059A026003970000TX, pertencente ao camiño identificado co número 411, e que une na actualidade a rúa Pardal e a rúa Olmos (San Pedro de Nós).
- 6º.- Aprobación inicial, se procede da modificación de créditos 2023/MODOR/000028, de suplemento de créditos para diversos contratos do departamento de servizos municipais.
- 7º.- Dar conta dos escritos presentados polos diferentes grupos políticos de adscrición de titular e suplente á comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria e comisión especial de contas”.
- 8º.- Dar conta do cese e nomeamento de administradores na sociedade “AQUAOLEIROS SA” en base ó acordo da súa xunta xeral.
- 9º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003332, mediante o cal se aproba a liquidación do orzamento correspondente ó exercicio 2022.
- 10º.- Dar conta do informe sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros, previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 2º trimestre de 2023.
- 11º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 20230026236 ata o nº 2023003789 (ambos incluídos).
- 12º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenarias de constitución de 17 de xuño de 2023 e de 26 de xuño de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Solicita a palabra e intervén a voceira do goberno municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que queren facer unha matización ó acta de 17 de xuño, de constitución, dado que a pesares de que o Sr. García Seoane dixo que o grupo parlamentar socialista fora un dos que levara a debate o tema de “Casa Carnicero” e iso é incerto





CONCELLO DE
OLEIROS

dado que foi o grupo parlamentario do BNG que en uso do seu pleno dereito e en base ó art. 9, en marzo de 2021 solicitou copia do expediente de documentación relativa á autorización da orde de derrubamento da Casa Carnicero, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que se é certo que o dixo pois está ben recollido na acta logo.

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezaioito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e cinco (05) do grupo municipal “Popular” e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”), polo que o Concello Pleno aproba as actas das *sesións plenarias que tiveron lugar os días 17 de xuño de 2023, de constitución da corporación e de 26 de xuño de 2023.*

Punto 2.- Toma de posesión do concelleiro electo pola Candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG), D. Iván Roca Cruz

Tendo en conta que no pasado pleno de constitución da nova corporación non asistiu o concelleiro eleito pola Candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por atoparse fóra do termo municipal, procede hoxe xa reincorporado a tomar posesión como concelleiro da corporación, unha vez cumpridos con tódolos trámites legais necesarios para poder tomar posesión do seu cargo.

A toma de posesión ten lugar mediante o xuramento ou promesa polo membro electo de acatamento da Constitución Española de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto nº 707/1979, de 5 de abril.

De seguido polo alcalde, D. **Ángel García**, procédese a ler á sinalada fórmula:

"¿Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro, con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?."

Contestando D. **Iván Roca Cruz** ‘si, prometo’.

Ó terse realizado este tramite o nomeado concelleiro adquire plenamente tal condición con tódolos dereitos e deberes propios do seu cargo.

Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede da modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que promove esta modificación puntual a Xunta de Compensación do sector SUD-11, sendo a redactora da mesma Lumieira Xestión Urbanística SL.

O 28 de abril de 2014 a sesión do pleno municipal acordou aprobar definitivamente o documento de modificación puntual do Plan Parcial do Sector SUD-11. Este Plan Parcial no seu art. 78 da normativa establece unha ordenanza para as dúas mazás nas que se localizan os usos terciarios sendo o seu obxecto incorporar dentro dos usos permitidos e compatibles de uso, o dotacional privado docente, deportivo, sanitario, asistencial, sociocultural,





CONCELLO DE
OLEIROS

religioso e de servizos urbanos, quedando prohibidos expresamente os usos sanitario mortuorio, funerarios ou tanatorios e estacións de servizo ou gasoleiras.

Emitido informe técnico de 30 de xaneiro deste ano, no que se considera suficiente a documentación presentada para a tramitación da modificación proposta e emitido tamén informe xurídico, de 9 de febreiro de 2023, emítese decreto da alcaldía no que se aproba inicialmente o documento da modificación puntual da normativa urbanística do Plan Parcial do Sector SUD-11, en Dorneda, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario. Foron solicitados e emitidos tamén os informes sectoriais de xeito favorable.

Unha vez realizada a aprobación inicial e feito o trámite de información pública e de comunicación ás persoas afectadas, haberán de resolverse as alegacións presentadas que realmente foi unha e ademais referida a un cambio de titularidade dunha parcela, sen contido polo tanto en contra ou de oposición á tramitación do instrumento, polo que xa non se entrou no fondo da mesma ó ser un mero cambio de titularidade.

En vista disto, propónse aprobar definitivamente a modificación puntual da normativa urbanística do Plan Parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario, presentado pola Xunta de Compensación.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando a abstención do seu grupo e aínda que entenden que esta modificación é factible ó contar con tódolos informes pertinentes favorables, aínda que lles sorprende que non sexa así en canto ó emitido por AQUAOLEIROS SA, que nese intre xa estaba municipalizada, que ó ter transcorrido prazo pertinente ó abeiro da lei do solo de Galicia permite consideralo á administración de xeito favorable...

Matízase pola voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Sra. **Varela**, que consta no expediente o informe favorable da entidade AQUAOLEIROS SA, o que pasou foi que no intre de realizar a proposta todavía non chegara, pero insiste en que obra neste intre no expediente.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que antes de emitir o voto ó seu grupo gustaríalle coñecer as razóns que motivan a petición de modificación puntual do Plan Parcial por parte da Xunta de Compensación, é dicir, a que queren adicar ese terreo a promoción, porque segundo remata de explicar a voceira do goberno municipal, poderá adicarse a usos dotacionais privados docente, deportivo, sanitario, asistencial, sociocultural, religioso e de servizos urbanos, quedando prohibidos expresamente os usos sanitario mortuorio, funerarios ou tanatorios e estacións de servizo ou gasoleiras e aí aten que salientar que en Oleiros tamén se morre.

O seu grupo votaría a favor si se tivese en conta precisamente o uso sanitario e que o concello aproveitase para a reserva dun terreo e poñelo a disposición da Xunta de Galicia para a construción dun novo centro de saúde novo, con capacidade suficiente para atender as necesidades sanitarias, que cada vez son maiores, porque a poboación medra e con posibilidade tamén de poder medrar no futuro e que se puideran ir incorporando novos servizos e,





CONCELLO DE
OLEIROS

tamén, que contase co espazo axeitado para poder aparcar e para o desprazamento de ambulancias, cuestión da que carecen os centros de saúde existentes neste intre no concello.

Intervén o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, saudando ós asistentes e ós que están a escoitar Radio Oleiros, dicir que o derradeiro pleno escoitou a través da radio e notou un pouco de tensión, polo que solicita que na medida do posible se rebaixe.

Sobre o asunto en cuestión de Xaz, xa é coñecida a postura do BNG en canto á construción de novas urbanizacións porque medrou moito o parque de vivenda baleira e tamén porque están en contra deste modelo de urbanismo expansivo por varios motivos, fundamentalmente medioambientais, de mobilidade ou incluso, de comercio local e tamén están en contra destas novas instalacións privadas deportivas, docentes ou relixiosas, consideran que non son para nada necesarias e si outras instalacións, tanto sinatarias e ou asistenciais e aínda que entenden a existencia da propiedade privada e a liberdade de empresa, pero insisten en que están en contra e polo tamén desta modificación que se achega para a súa aprobación.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o que hai que facer é estudar os expedientes porque contan con tódolos informes favorables e en resumida conta, trátase duns propietarios duns terreos que solicitan modificar a normativa urbanística dunha parcela porque entenden que limita unha serie de usos e achegan a proposta na que se delimitan cales se poden levar a cabo e cales non, neste caso usos mortuorios e gasolineras, e iso é o que solicitan, o uso que lle queren dar é cuestión deles e cando presenten a proposta ou proxecto o estudarán.

Respecto á promoción de novas urbanizacións e espazos, existe un Plan Xeral que sinala o que se pode facer ou non, un instrumento necesario que non existe en moitísimos concellos de Galicia, non sabe onde goberna o BNG se os hai ou non, cre que en poucos, e este instrumento impide que se obre en calquera lugar e delimita o que se pode facer en cada espazo e as características da construción, si se pode obrar, etc. etc.

Grazas a este instrumento o urbanismo en Oleiros pode dicirse que medrou de xeito ordenado, respectuoso coa contorna e cheo de espazos públicos, cre que poucos concellos poden presumir dos espazos públicos cos que conta este concello.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de xullo de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e **tres (03) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2022/PLANEAM/000015 (FG NÚM. 702)

ASUNTO: Aprobación definitiva da modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario.





CONCELLO DE
OLEIROS

Con data 17/07/2023 a coordinadora de servizos urbanísticos emite informe do seguinte teor literal, coa conformidade da Secretaría municipal:

“

1.OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000015 (FG NÚM. 702)
DENOMINACIÓN	Modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario
ENTIDADE PROMOTORA	Xunta de Compensación do Sector SUD-11, Xaz (Dorneda)
ENTIDADE REDACTORA	Lumieira Xestión Urbanística, S.L. (B15679608)
OBXECTO DO INFORME	Análise do procedemento para a tramitación da Modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario
DATA E NRE ENTRDA	1. Con data 17 de xaneiro de 2023 (NRE 2023000748) preséntase unha versión do documento ambiental estratéxico, datado na súa portada de decembro de 2022 e nos pés de páxina de xuño de 2022. 2. Con data 24 de xaneiro de 2023 (NRE 2023001127) preséntase o proxecto da modificación puntual da normativa urbanística do Plan Parcial SUD-11 Dorneda – Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario. Este proxecto inclúe unha versión do documento ambiental estratéxico de xaneiro de 2023; sendo esta versión posterior á indicada no punto anterior, sométese a informe de aprobación esta última presentada.
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2023000702, de 9 de febreiro
EXPOSICIÓN PÚBLICA	DOG núm. 47, de 8 de marzo de 2023 La Voz de Galicia, luns 6 de marzo de 2023 Notificación a tódalas persoas afectadas
ALEGACIÓNS	Segundo a dilixencia de 27 de xuño de 2023 asinada pola funcionaria encargada, presentouse un escrito con NRE 2023004257, de 13 de marzo de 2023 por don Rubén Prados Villabrille e dona Esther Sobradillo Salinas.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros, aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas





3. INFORMACIÓN URBANÍSTICA E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

a. Regulación actual e obxecto da modificación puntual

- O texto refundido do Plan Parcial do SUD-11 foi aprobado con carácter definitivo polo Pleno do Concello de Oleiros en sesión ordinaria de 25 de abril de 2013, publicada a súa normativa no BOP da Coruña de 23 de maio de 2013 e a súa aprobación no DOG de 3 de xuño de 2013.
- Con data 28 de abril de 2014 o Pleno do Concello en sesión extraordinaria acordou aprobar definitivamente o documento de Modificación Puntual do Plan Parcial do sector SUD-11.

O Plan Parcial establece no artigo 78 da normativa, para as dúas mazás nas que se localizan os usos terciarios (TER-1 e TER-2), unha ordenanza de uso terciario TER. O obxecto desta MP02PP_SUD11 é incorporar, dentro dos usos permitidos e compatibles do uso global terciario, o uso dotacional privado docente, deportivo, sanitario, asistencial, sociocultural, relixioso e de servizos urbanos, quedando prohibidos expresamente os usos Sanitario mortuorio, funerarios ou tanatorios e estacións de servizo ou gasoleiras.

b. Tramitacións realizadas

1. Con data 19 de xullo de 2022 emitíuse a Resolución 2022003517, na que se manifesta a conformidade do Concello de Oleiros co documento de inicio que comprende o documento ambiental estratéxico e o borrador da MODIFICACIÓN PUNTUAL DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PLAN PARCIAL SUD-11 DORNEDA-CAMPO DE GOLF PARA A INCORPORACIÓN DE USOS PERMITIDOS E COMPATIBLES DENTRO DO USO GLOBAL TERCIARIO (Documento R.E. Nº 2022010978 do 15.06.2022).

2. Así, comunícase ao órgano ambiental a iniciación do proceso de avaliación ambiental estratéxica simplificada para o documento ambiental estratéxico e o borrador da MODIFICACIÓN PUNTUAL DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PLAN PARCIAL SUD-11 DORNEDA-CAMPO DE GOLF PARA A INCORPORACIÓN DE USOS PERMITIDOS E COMPATIBLES DENTRO DO USO GLOBAL TERCIARIO, solicitándose a emisión do informe ambiental estratéxico de conformidade co disposto no artigo 31.2.b) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, declarando que non ten efectos significativos sobre o medio ambiente.

3. Mediante Resolución de data 10 de outubro de 2022 (NRE 2022018847, de 17 de outubro) emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da CMATV da Xunta de Galicia, a “Modificación da normativa urbanística do Plan parcial do SUD-11 Dorneda-Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario no concello de Oleiros” sométese a avaliación ambiental simplificada, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

4. Posteriormente, mediante Resolución 2022005140, de 26 de outubro, requiríuse á Xunta de Compensación do SUD-11 Xaz para que se redactara e presentara o documento inicial para a modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial SUD- 11 Dorneda-Campo de Golf, incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario. En todo caso, deberase atender as determinacións manifestadas polo Instituto de Estudos do Territorio (EIT), debendo incorporar para os efectos do previsto no 35 do RLPPG unha xustificación do cumprimento das directrices de paisaxe.

5. Con data 17 de xaneiro de 2023 (NRE 2023000748) preséntase unha versión do documento ambiental estratéxico, datado na súa portada de decembro de 2022 e nos pés de páxina de xuño de 2022.

6. Con data 24 de xaneiro de 2023 (NRE 2023001127) preséntase o proxecto da modificación puntual da normativa urbanística do Plan Parcial SUD-11 Dorneda – Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario. Este proxecto inclúe unha versión do documento ambiental estratéxico de xaneiro de 2023; sendo esta versión posterior á indicada no punto anterior, sométese a informe esta última presentada.

7. Tras informe técnico de data 30 de xaneiro de 2023, no que se considera suficiente a documentación presentada para a tramitación da modificación proposta, e informe xurídico de data 9 de febreiro de 2023, emítese o Decreto 2023000702, de 9 de febreiro, polo que se aproba inicialmente o documento de modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario (NRE 2023001127, de 24 de xaneiro).

4. ARGUMENTACIÓNS XURÍDICAS

a. Lexitimación para presentación da modificación puntual do plan parcial





CONCELLO DE
OLEIROS

Establece o artigo 74 LSG que os plans parciais e plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares con lexitimación para facelo. As Xuntas de Compensación son entidades formadas polas persoas propietarias do chan integrado nunha determinada unidade de execución que teñen como obxecto a execución da actuación urbanística na mesma. Trátase dun órgano lexitimado ao estar autorizado para levar a cabo ou desenvolvemento urbanístico, sendo precisamente este obxecto a razón da súa existencia.

b. Tramitación da modificación puntual do plan parcial

En primeiro lugar, cómpre indicar que o artigo 83.5 LSG establece que a revisión do plan e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do previsto na lexislación de ordenación do territorio para o suposto de tramitación simultánea da aprobación do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de plan urbanístico. Así, haberá de seguirse a normativa da aprobación de plans parciais para poder aprobar a modificación que se pretende tramitar.

Analizada a documentación presentada polo arquitecto municipal, que mostra no seu informe a conformidade con esta e a súa suficiencia, cómpre analizar agora o procedemento conducente á aprobación da modificación, que podemos consultar no art. 75 LSG e 186 RSG.

i. Avaliación ambiental estratéxica

Con carácter previo á aprobación do plan parcial, xa se realizou o trámite oportuno ante o órgano ambiental, obtendo mediante Resolución da dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da CMATV da Xunta de Galicia, de data 10 de outubro de 2022 (2022AAE2707) a declaración de non sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica da “Modificación da normativa urbanística do Plan parcial do SUD-11 Dorneda-Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario”, no Concello de Oleiros, posto que non se prevén efectos ambientais significativos. Así, puido continuarse a tramitación do expediente, tal e como se recolle tamén no informe de 24 de outubro de 2022 asinado polo arquitecto municipal, do que derivou a Resolución 2022005140, de 26 de outubro, de impulso do procedemento. Non é necesario pronunciamento posterior do órgano ambiental ao tramitarse pola vía da avaliación ambiental simplificada.

ii. Necesidade de solicitude de autorizacións e informes

Haberán de solicitarse os informes sinalados no art. 186.1.b) RSG, que establece que durante o mesmo tempo en que se realice o trámite de información pública, a Administración municipal deberá recoller das administracións públicas competentes os informes e consultas sectoriais que sexan preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán emitirse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos favorablemente (artigo 75.1.b) da LSG).

Por outra banda, os servizos técnicos municipais e empresas subministradoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan parcial (artigo 68.g) da LSG); emendouse esta deficiencia mediante a solicitude dos devanditos informes durante o trámite de información pública.

Os informes foron debidamente solicitados obténdose os seguintes resultados:

Informe	Data de solicitude	Emisión
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación ao Castro de Xaz e ao Pazo do mesmo nome.	Envío a través de SIR, entrada 963 de 27 de febreiro de 2023	20/04/2023, favorable
Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en relación á estrada AC-181	Envío a través de SIR, entrada 959 de 27 de febreiro de 2023	07/03/2023, favorable
Augas de Galicia, protección de recursos hídricos e como confederación hidrográfica de conca	Envío a través de SIR, entrada 964 e 966 de 27 de febreiro de 2023	01/06/2023, favorable
Informe da delegación do Goberno	Envío a través de SIR, entrada 960 de 27 de febreiro de 2023	02/05/2023, favorable





Dirección Xeral de aviación civil	10/02/2023, núm. de rexistro REGAGE23e00008673624	26/04/2023, favorable
AquaOleiros, S.A.	Solicitud vía correo electrónico, 09/02/2023	Non consta emitido (transcorrido o prazo do artigo 68.g) da LSG, cómpre seguir a tramitación administrativa)
Gas Natural (Nedgia)	Solicitud vía correo electrónico, 09/02/2023	01/03/2023, favorable
R Cable y telecomunicaciones	Solicitud vía correo electrónico, 09/02/2023	28/02/2023, favorable
Servizos municipais	Solicitud vía correo electrónico, 09/02/2023	09/03/2023, favorable
Telefónica	Solicitud vía correo electrónico, 09/02/2023	28/02/2023, favorable
Unión Fenosa Distribución (UFD)	Solicitud vía correo electrónico, 09/02/2023	03/03/2023, favorable

iii. Aprobación definitiva, publicidade e inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia

Unha vez realizada a aprobación inicial por Decreto 2023000702, de 9 de febreiro, e realizado o trámite de información pública e de comunicación ás persoas afectadas, haberán de resolverse as alegacións presentadas. Para o caso que nos ocupa, a alegación presentada con NRE 2023004257, de 13 de marzo de 2023 por don Rubén Prados Villabrille e dona Esther Sobradillo Salinas refírese soamente ao cambio de titularidade da parcela, sen contido sobre a oposición á tramitación do instrumento. É por iso que non é necesario entrar no fondo da resolución, posto que se trata dun mero apunte sobre a titularidade dunha parcela afectada.

A aprobación definitiva dos plans parciais corresponderalle ao órgano municipal competente (artigo 75.4 da LSG). Unha vez aprobado, han de realizarse as seguintes tramitacións:

- **Publicación.** En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionados á súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 deste regulamento:
 - O acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan e a referencia ao enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro do plan á disposición do público, así como, cando proceda, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento, que incluíra os seguintes aspectos:
 - i. A xustificación da integración no plan dos aspectos ambientais (artigo 82.2.a) da LSG).
 - ii. A xustificación de como se tomaron en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se é o caso, as discrepancias xurdidas no proceso (artigo 82.2.b) da LSG).
 - iii. As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas (artigo 82.2.c) da LSG).
 - O documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia.
 - **Inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia**
 - **Notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial deste, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.**

c. Competencia para a aprobación do plan parcial e para a emisión de informes

A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, regula as competencias dos órganos municipais en orde á aprobación dos documentos de planeamento e xestión urbanística. Así, o artigo 22.1.c) establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera destes instrumentos, será competencia do Pleno do Concello.





CONCELLO DE
OLEIROS

A mesma norma establece como competencia do Concello Pleno a “aprobación inicial do plan xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos”.

(...)”

En vista do anterior, e en atención as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, a esta Alcaldía, propoño que o Pleno do Concello de Oleiros adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o seguinte documento:

DENOMINACIÓN	Modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario
ENTIDADE PROMOTORA	Xunta de Compensación do Sector SUD-11, Xaz (Dorneda)
ENTIDADE REDACTORA	Lumieira Xestión Urbanística, S.L. (B15679608)
OBXECTO DO INFORME	Análise do procedemento para a tramitación da Modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2023001127, de 24 de xaneiro

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento NRE 2023001127, de 24 de xaneiro como documento definitivo da Modificación puntual da normativa urbanística do plan parcial do sector SUD-11 Dorneda – Campo de Golf, para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario.

TERCEIRO.- Notificar á entidade promotora, ás persoas titulares do terreo dentro do ámbito e a quen presente alegacións.

CUARTO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e do acordo e dos cambios realizados a través da modificación puntual (páxinas 5 a 8 da memoria xustificativa) no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Solicitar a inscrición da modificación do Plan Parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no capítulo X do título II do seu regulamento, e o que dispoña a tal efecto a lexislación vixente en materia de réxime local (artigo 82.4 de la LSG).

SEXTO.- Remitir o documento de Plan Parcial aprobado definitivamente xunto coa certificación do acordo plenario de aprobación definitiva á Dirección Xeral de Aviación Civil.

SÉTIMO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

OITAVO.- O Plan Parcial é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 4.- Aprobación definitiva, se procede do estudo de detalle de axuste de aliñacións na rúa Paraíso, números 18-22 (Perillo)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que con data de 17 de xullo do presente mes a coordinadora de servizos urbanísticos do concello emite informe xurídico, coa conformidade da secretaria municipal, para o estudo de detalle presentado e que ten coma fin o axuste de aliñacións na Rúa Paraíso entre os números 18 e 22 da nomeada rúa.





Vistas as conclusións do informe salientado e nas que se indica que concoirren os requisitos técnicos e xurídicos necesarios para a aprobación do sinalado estudio de detalle, propónse a súa aprobación definitiva polo pleno municipal e que se proceda a dilixenciar o documento e realizar os tramites necarios para materializar o acordo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de xullo de 2023, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2023/PLANEAM/000005 (FG NÚM. 720)

ASUNTO: Aprobación definitiva do estudo de detalle de axuste de aliñacións na rúa Paraíso, números 18-22 (Perillo)

Con data 17 de xullo de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

1. OBXECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000005 (FG NÚM. 720)
DENOMINACIÓN	estudo de detalle de axuste de aliñacións na rúa Paraíso, números 18-22 (Perillo)
ENTIDADE PROMOTORA	Manuel Roca López
ENTIDADE REDACTORA	Portela Varela Puente Arquitectos, S.L.P. (B15620891)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Establecer as aliñacións no ámbito da rúa Paraíso, números 18-22 – Perillo-.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	NRE 2023006349, de 13 de abril (corrección do NRE 2023004825, de 21 de marzo, tras notificación por correo electrónico de informe técnico de 5 de abril de 2023).
INFORME TÉCNICO	Arquitecto municipal 14 de abril de 2023 para a aprobación inicial Arquitecto municipal 24 de maio de 2023 para aprobación definitiva

iv. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

v. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes
- b) Ordenar os volumes edificables
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan





Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completen, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.*

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os Concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polas persoas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou de quen promova a urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia (publicado no DOG núm. 78 de 24 de abril de 2023) e nun dos xornais de maior difusión na provincia (La Voz de Galicia, 24 de abril de 2023). Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos





afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non foi necesario solicitar informes sectoriais por non esixirse pola normativa vixente.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

- 1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.*
- 2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 8 de DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA, páxinas 4 a 5 (ámbalas dúas incluídas), e o plano denominado PORD_Q2, que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.*
- 3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.*
- 4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.*
- 5. Notificar á entidade promotora e ao equipo redactor.*

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000005 (FG NÚM. 720)
DENOMINACIÓN	estudo de detalle de axuste de aliñacións na rúa Paraíso, números 18-22 (Perillo)
ENTIDADE PROMOTORA	Manuel Roca López
ENTIDADE REDACTORA	Portela Varela Puente Arquitectos, S.L.P. (B15620891)





ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Establecer as aliñacións no ámbito da rúa Paraíso, números 18-22 – Perillo-.
DATA E NRE REDACCIÓN	NRE 2023006349, de 13 de abril (corrección do NRE 2023004825, de 21 de marzo, tras notificación por correo electrónico de informe técnico de 5 de abril de 2023).

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e archivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 8 de DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA, páxinas 4 a 5 (ámbalas dúas incluídas), e o plano denominado PORD_02, que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar á entidade promotora e ao equipo redactor, así como ás persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 5.- Rectificar a Rede de Camiños Públicos de titularidade municipal aprobada por acordo do Pleno en sesión celebrada o 26 de xullo de 2012, acordando a exclusión do tramo de camiño que transcorre sobre as parcelas catastrais 3559305NH5936S0001QS e 15059A026003970000TX, pertencente ao camiño identificado co número 411, e que une na actualidade a rúa Pardal e a rúa Olmos (San Pedro de Nós)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, manifestando que no pleno de 26 de xaneiro de 2012 aprobouse a rede de camiños públicos de titularidade municipal, aprobación que foi completada por outro acordo plenario de 26 de xullo de 2012, que resolveu o recursos presentados, salientando que no que atinxe a este trámite non foi presentado ningún recurso ó respecto da condición pública ou privada deste tramo do camiño.

Na nomeada aprobación incluíuse o camiño 411, que se inicia na Rúa Basilio Álvarez e remata na Rúa Pardal, atravesando dúas parcelas, entre outras. En relación á existencia de camiño público sobre esas parcelas, débense facer dúas consideracións. A primeira, que xiste unha sentenza de 15 de maio de 2007, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña, na que se declara a titularidade previada da parte que afecta á súa parcela no camiño 411, da Rúa Parcla a Rúa Olmos. Nesta sentenza dase por probada a titularidade de D. Manuel López Pérez, desprovista de carga ningunha, é dicir, non existe camiño, nin serviudme de paso recollida na documentación e, en segundo lugar, obra no expediente informe da técnica municipal de urbanismo, de 25 de maio de 2023, no que se ve que o camiño na actualidade non existe como tal, senón que hai outras zonas de paso.

Enténdese polo tanto, suficientemente documentada a necesidade da exclusión do inventario de camiños públicos do tramo do sinalado camiño 411, trala concesión de trámite de información pública por un prazo de 10 días,





CONCELLO DE
OLEIROS

anunciándose no BOP, nun xornal da Provincia (La Opinión de 1 de xuño de 2023) e no Taboleiro de Edictos municipal, non se presentou alegación ningunha, olo que procede aprobar a rectificación da rede de camiños públicos de conformidade coa proposta presentada.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, anunciando o voto favorable do seu grupo ó se tratar dunha reposición da legalidade.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando tamén o voto favorable do seu grupo dado que se trata dun camiño público antigo que non beneficia a ninguén e ademais, tódala parcelas lindantes contan con acceso.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de xullo de 2023, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, por **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Expediente núm.: 2023/URBANIS/000475

ASUNTO: rectificación da Rede de Camiños Públicos do Concello de Oleiros para excluír da rede de camiños públicos dun tramo do camiño 411 – rúa Pardal, rúa Olmos (San Pedro de Nós)

Por Resolución da Alcaldía número 2023002717, do 25 de maio, resolveuse aprobar inicialmente a exclusión da REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL do tramo de camiño que transcorre sobre as parcelas catastrais 3559305NH5936S0001QS e 15059A026003970000TX, pertencente ao camiño identificado co número 411, e que une na actualidade a rúa Pardal e a rúa Olmos (San Pedro de Nós), de conformidade co exposto no informe da coordinadora de servizos urbanísticos da mesma data. O devandito informe, que figura no expediente, indica (transcripción literal parcial):

“(…)

Con idéntica formulación, tanto o artigo 74.1 do TRRL como o artigo 3.1 do RBEL dispoñen que “1. Son bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local.”, o que engloba a todos estes bens na categoría dos bens de dominio público conforme aos artigos 79.3 da LBRL e 2.2 do RBEL.

A competencia municipal en materia de vías públicas (art. 26 LRBRL) alcanza tanto ás urbanas como ás rurais e é obrigación das Entidades Locais mantelas en bo estado de conservación. As vías públicas constitúen en canto á súa utilización un suposto de “uso común xeral”, non suxeito a licenza ou autorización, estando o seu uso permitido por igual a todos.

Os camiños públicos son bens de uso e dominio público. O carácter público ou privado dependerá da natureza do chan sobre o que transcorren. Camiño público é aquel cuxo chan é público, e que debemos diferenciar da servidume de paso sobre chan privado (art. 564 do Código Civil e STS do 27 de maio de 1995). A xurisprudencia ten declarado que os camiños teñen a condición de públicos (STS do 7 de maio de 1987), sendo para estes efectos indiferente que non figuren no Inventario de Bens se o carácter de uso público do camiño se acredita suficientemente (STS do 29 de setembro de 1989). Nin sequera o feito de que no Rexistro da Propiedade estivesen rexistrados como de propiedade privada constitúe un obstáculo á titularidade e carácter de dominio e uso público do camiño. A conservación de camiños e vías rurais constitúe, segundo o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) unha competencia local.





A Sentenza do Tribunal Supremo do 7 de maio de 1987 define os camiños públicos facendo referencia á súa finalidade pública indiscutible. Mesmo a principios do século XX, o concepto de camiño público entendíase como camiño veciñal que conectaba dous municipios; un municipio cunhas estacións de ferrocarril; cun embarcadero, etc. Así mesmo recóllese na Lei do 30 de xullo de 1904 e o Regulamento do 16 de maio de 1905, substituída posteriormente pola Lei do 29 de xuño de 1911 e xunto ao seu regulamento do 23 de xullo de 1911; onde as citadas normas definían os camiños veciñais como: “os que enlazan un pobo con outro, cunha estación de ferrocarril, cun porto, cala ou embarcadero, cun mercado, estrada ou camiño veciñal, así como os que dentro dun municipio enlazan as cabezas do mesmo cos suburbios caso de separación maior de dous quilómetros.”


Por outra banda, o Pleno do Concello en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2012 aprobou a rede de camiños públicos de titularidade municipal, aprobación que foi completada con acordo plenario de 26 de xullo de 2012, que resolveu os recursos presentados. Neste trámite non foi presentado ningún recurso ao respecto da condición pública ou privada deste acceso.

Nesta aprobación, incluíuse o camiño 411, que se inicia na rúa Basilio Álvarez e remata en rúa Pardal, atravesando, entre outras, as parcelas con referencia catastral 3559305NH5936S0001QS (propiedade do interesado) e 15059A026003970000TX. En relación a existencia de camiño público sobre estas parcelas, fanse as seguintes consideracións:

1. Existe Sentencia de 15 de maio de 2007 ditada no PO 147/2005 do Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, na que se declara a titularidade privada da parte que afecta á súa parcela no camiño 411 – rúa Pardal – rúa Olmos. Na sentenza dase por probada a titularidade de don Manuel López Pérez desprovista de carga alguna (non hai camiño nin servidume de paso recollida na documentación).

2. Figura no expediente informe de técnica municipal de urbanismo de 25 de maio de 2023 no que se ve que o camiño, na actualidade, non existe como tal, senón que hai outras zonas de paso.

Enténdese por tanto suficientemente documentada a necesidade de exclusión do inventario de camiños públicos do tramo do camiño 411 que transcorre sobre as parcelas catastrais 3559305NH5936S0001QS (propiedade do interesado) e 15059A026003970000TX.



3. Conclusións

Procede tramitar a exclusión do inventario de camiños públicos do tramo do camiño 411 que transcorre sobre as parcelas catastrais 3559305NH5936S0001QS (propiedade do interesado) e 15059A026003970000TX.

(...) ”

Tras a concesión trámite de información pública polo prazo de 10 días, anunciándose no BOP da Coruña núm. 104, de 2 de xuño de 2023, nun xornal da provincia (La Opinión de 1 de xuño de 2023) e no taboleiro de anuncios do Concello, non se teñen presentado alegacións.

No informe da coordinadora de servizos urbanísticos propoñíase que, unha vez tramitado o expediente e informadas as alegacións que se presenten, se elevara ao Pleno do Concello o expediente para a aprobación definitiva, o cal se incluíu tamén na Resolución da Alcaldía número 2023002717, do 25 de maio. Consta no expediente dilixencia asinada pola funcionaria encargada de data 3 de xullo de 2023 na que se fai referencia á inexistencia de alegacións.





CONCELLO DE
OLEIROS

En vista do anterior, e en atención as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, a esta Alcaldía, **propoño que o Pleno do Concello de Oleiros adopte o seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- rectificar a Rede de Camiños Públicos de titularidade municipal aprobada por acordo do Pleno en sesión celebrada o 26 de xullo de 2012, acordando a exclusión do tramo de camiño que transcorre sobre as parcelas catastrais 3559305NH5936S0001QS e 15059A026003970000TX, pertencente ao camiño identificado co número 411, e que une na actualidade a rúa Pardal e a rúa Olmos (San Pedro de Nós).

SEGUNDO.- dar traslado do acordo ao servizo de SIT-Catastro do Concello de Oleiros, para que se realicen as correccións oportunas en Catastro e no resto de rexistros administrativos a efectos de deixar debidamente documento o acordo adoptado.

TERCEIRO.- dar traslado ao interesado e aos titulares das parcelas colindantes co camiño incluído na Rede de Camiños Públicos.

CUARTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición dos seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.”

Punto 6.- Aprobación inicial, se procede da modificación de créditos 2023/MODOR/000028, de suplemento de créditos para diversos contratos do departamento de servizos municipais

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que a liquidación do orzamento do exercicio 2022, aprobada mediante decreto da alcaldía de 26 de xuño de 2023, sinala a existencia dun remanente de tesouraría para gastos xerais e 13.705.943,65 €.

A 1^a tenencia da alcaldía, propón destinar parte do remanente de tesouraría para gastos xerais derivada da liquidación do exercicio 2022 ó financamento de gastos correntes, segundo proposta da concellería de servizos de 20 de abril deste ano, de xeito que se propón incrementar o gasto por un importe de 220.000 € para facer fronte ás ampliacións, prórrogas ou nova licitación dos contratos de servizo de limpeza de centros públicos (Lote 1); servizo de mantemento de cubertas de edificios e servizo de mantemento das instalacións térmicas de edificios.

Trátase de gastos específicos e determinados, que non poden demorarse ó exercicio seguinte e para os que o crédito existente no orzamento en vigor resulta insuficiente, polo que propón aprobar inicialmente este suplemento de créditos por un importe de 200.000 € dispoñendo tamén a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó igual que calquera tramite orzamentario.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D. **Mª Dolores Silva**, lembrando que se remata de aprobar o orzamento municipal hai só seis meses, aínda que entenden que se trata de gastos ós que hai que facer fronte.

Alégranse que por fin que se engada o contrato de mantemento dos campos de fútbol municipais, do que se carecía, e entenden que así se evitarán gastos maiores por deterioro.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que a aprobación de modificativos de crédito amosan falta de previsión, falta de proxecto e unha certa ineficiencia na xestión, como adoitan estudar a documentación e tendo en conta o análise que fixeron sobre os decretos da alcaldía que se achegan para a súa toma de coñecemento no pleno de hoxe, detectaron o contrato deste ano 2023 negociado sen publicidade para soporte e funcionamento das aplicacións informáticas, con tres anos de duración e por un importe total de 514.469,57 €, con isto quere dicir que si se fan contratos destas características deste xeito, a pesares de que son 11 lotes, entenden que de cando en vez xurdan este tipo de imprevisións.

Os modificativos de créditos non deixan de ser unha adulteración do orzamento aprobado e máis grave aínda, ó se tratar do orzamento co que concorriron ó proceso electoral e cando se conta con maioría suficiente, non pode adoitarse a excusa de que puido ser produto da negociación con outros grupos políticos.

Gustaríalles chegar a esta sesión para aprobar un modificativo, non para cubrir necesidades que non se tiveron previsión, senón para aprobar plans de emprego, construción de vivenda para a xente que a precisa, para investimento en comercio, en servizos sociais, en proxectos de mobilidade, de accesibilidade ou de mellora de alumeados. O certo é que para o gasto en política de fotos e titulares non precisan de ningún modificativo, o teñen moi ben calculado, polo que solicita para rematar que faga o mesmo esforzo noutras áreas.

Contesta a voceira do goberno municipal “Alternativa dos Veciños”, D^a **Mª José Varela**, manifestando que é certo que poida dar certa estrañeza ou casualidade, precisamente polo exclusividade do contrato de aplicacións informáticas, porque como saberá este tipo de contratos son específicos para uns programas e aplicacións determinadas, polo que está máis que acreditado e fundamentado.

Por outra banda, dicir que os modificativos de créditos son sempre froito da mala xestión ou imprevisión no orzamento, porque poden ser por diferentes causas como o crecemento na prestación dos servizos municipais como o de limpeza viaria, que debe abordar novas rúas executadas, ou en xardinería novos espazos verdes executados e que hai que manter, etc. etc.

Volve intervir o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, pondo de manifesto que cando se prepara a licitación de contratos, pódese prever unha porcentaxe de metros máis a manter ou construír, porque ademais como ben dixo o alcalde anteriormente, existe un planeamento e a previsión de que poida haber máis metros a manter nun prazo de tempo determinado.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de xullo de 2023,





acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2022, aprobada mediante decreto da Alcaldía número 2023003332 de 26/06/2023, reflicte un remanente de tesouraría para gastos xerais axustado de 13.705.943,65 euros.

O Pleno do Congreso dos Deputados, de 22/09/2022, ten ratificado o acordo do Consello de Ministros de 26/07/2022 polo que se solicita do Congreso dos Deputados a apreciación de que España está sufrindo as consecuencias do estalido da guerra en Europa e dunha crise enerxética sen precedentes, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria aos efectos previstos no artigo 135.4 da Constitución Española e 11.3 da lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o cal permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública. Xa que logo, este acordo prorroga para 2023 a suspensión da aplicación das regras fiscais, deixando sen efecto os obxectivos de estabilidade e de débeda pública, así como o límite da regra de gasto en 2023.

Tendo isto en conta, o Concello pretende destinar o remanente de tesouraría para gastos xerais axustado que se deriva da liquidación do exercicio 2022, ao financiamento de gastos correntes, segundo a proposta formulada pola Concellaría de Servizos Municipais de 20/04/2023. Solicítase o incremento de gasto na aplicación 61.323.21205 para facer fronte ás ampliacións, prórrogas ou nova licitación dos seguintes contratos: servizo de limpeza de centros públicos do Concello de Oleiros (Lote1), servizo de mantemento de cubertas de edificios, e servizo de mantemento das instalación térmicas de edificios.

Trátase de gastos específicos e determinados, que non poden demorarse ao exercicio seguinte, e para os que o crédito existente no orzamento en vigor resulta insuficiente, polo que procede a aprobación dun suplemento de créditos.

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primero.- Aprobación inicialmente a modificación de crédito 2023/MODOR/000028, de concesión de Suplemento de Créditos, na aplicación orzamentaria 61.323.21205, denominada Ensino.EPP.Mantnmtto edif.centros educativos, por importe de 220.000 euros, aos efectos de dotar de cobertura orzamentaria para a ampliación, prórroga ou nova licitación dos seguintes contratos: servizo de limpeza de centros públicos do Concello de Oleiros (Lote1), servizo de mantemento de cubertas de edificios, e servizo de mantemento das instalación térmicas de edificios.

O presente suplemento de créditos finánciase, tal e como prevé o artigo 36.1.a) do R.D. 500/1990, con cargo ao superávit derivado da liquidación do orzamento de 2022, o cal implica unha modificación das previsións iniciais no concepto 2021.87000 de Remanente de Tesouraría para gastos xerais.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

Punto 7.- Dar conta dos escritos presentados polos diferentes grupos políticos de adscrición de titular e suplente á comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria e comisión especial de contas”

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos escritos presentados que se sinalan polos diferentes grupos políticos de adscrición de titular e suplente á comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria e comisión especial de contas”:





CONCELLO DE
OLEIROS

- Escrito do grupo municipal “Alternativa dos Veciños” (R.E. nº 2023013608, de 14 de xullo).
 - Titular: D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
 - Suplente: D^a M^a José Santos Zas.
- Escrito do grupo municipal “Socialista” (R.E. nº 2023013611, de 14 de xullo).
 - Titular: D^a M^a del Carmen Acuña do Campo.
 - Suplente: D. Jesús Fernández Díez.
- Escrito do grupo municipal “Popular” (R.E. nº 2023013723, de 17 de xullo).
 - Titular: D^a M^a Dolores Silva Núñez.
 - Suplente: D. Jorge Platas Casal.

Punto 8.- Dar conta do cese e nomeamento de administradores na sociedade “AQUAOLEIROS SA” en base ó acordo da súa xunta xeral

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos acordos adoptados pola Xunta Xeral Extraordinaria e Universal da empresa pública AQUAOLEIROS S.A. en data de 20 de xullo de 2023, na que se adoptaron os acordos de cese do anterior consello de administración e nomeamento do novo da devandita empresa pública.

Punto 9.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2023003332, mediante o cal se aproba a liquidación do orzamento correspondente ó exercicio 2022

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía nº 2023003332, de 26 de xuño, mediante o cal se aprobou a liquidación do orzamento correspondente ó exercicio 2022.

Punto 10.- Dar conta do informe sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros, previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 2º trimestre de 2023

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 2º trimestre de 2023.

Punto 11.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023002626 ata o nº 2023003789 (ambos incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023002626 ata o nº 2023003789 (incluídos).

FÓRA DA ORDE DO DÍA





CONCELLO DE
OLEIROS

O alcalde, D. **Ángel García**, salienta que antes de proceder a tratar a quenda de mocións, rogos e preguntas, propónse tratar un asunto por uxencia e fóra da orde do día desta sesión, dado que a Xunta de Galicia remitiu a relación dos días festivos tanto galegos coma nacionais, comunicando que cada concello galego debía tomar acordo en orde á determinación dos dous días de festas de carácter local, polo que lle dá a palabra á voceira do goberno municipal.

I.- Adopción de acordo de determinación dos dous días de festa local no Concello de Oleiros para o ano 2024

Engade ó dito polo alcalde a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que na salientada comunicación da Xunta de Galicia sinalábase ó vindeiro 1 de setembro como data límite para remitir este acordo e téndose en conta que no mes de agosto non se celebra sesión plenaria, propónse en primeiro lugar votar a urxencia para, de ser declarada, tratar o asunto:

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar o asunto de determinación dos dous días de festa local no Concello de Oleiros para o vindeiro exercicio de 2024.

Votación do asunto

Ó non se solicitar quenda de palabras a efectos de intervención, pásase de seguido á votación do asunto, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Recibida comunicación onte, 26 de xullo de 2023, por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, no que se informa das festividades tanto de Galicia coma do Estado, dado que cada municipio galego termos que determinar os dous días de festa de carácter local para o vindeiro ano 2024, propónse ó Pleno da Corporación o seguinte:

Primeiro.- Determinar como festas locais no Concello de Oleiros para o ano 2024, os días seguintes:

- 13 de febreiro, martes do Entroido.
- 24 de xuño, San Xoan.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á nomeada Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade aos efectos oportunos.”

Punto 12.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**





CONCELLO DE
OLEIROS

O alcalde pregunta se algún grupo municipal presenta mocións á consideración do pleno municipal, ó que contesta afirmativamente a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que quere que conste en acta que solicita que a partir desta data as mocións que presente o seu grupo coa antelación suficiente e en prazo, sexan incluídas na orde do día xa da comisión informativa e logo na da sesión plenaria correspondente.

12.1.- Moción do grupo municipal “Popular” para o establecemento dunha rede de parques forestais

Da orde do alcalde, procede a dar lectura á moción presentada o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J.**

Corredoira:

“Oleiros non pode vivir á merxe dos desafíos ambientais, creando unha economía eficiente, circular e sostible no uso dos recursos e baixa en emisión de carbono, que permita ás xeneracións futuras disfrutar dun Oleiros máis sostible.

Os compromisos internacionais relativos á loita contra o cambio climático deben ser implementados localmente. O concello de Oleiros non pode estar á marxe da loita contra o cambio climático. O rápido e excesivo crecemento do solo urbanizaqdo, coa conseguinte diminución de bosques e zonas verdes, fai imprescindible tomar medidas en defensa do noso medio ambiente.

De acordo cos datos que proporcionan os laboratorios internacionais, as emisión de CO₂ para España (5,1 Tn/per cápita) apunten a que o resultado da emisión deste gas para Oleiros representa un valor de 190.082 tn/ano.

A adopción do programa municipal de redución e mitigación do cambio climático será clave no reenfoque da xestión municipal á vez que se impulsarán os mecanismos e incentivos de apoio á propiedade privada na consecución deste obxectivo.

A rede de parques e xardíns de Oleiros é importante, pero é necesario desenvolver unha xestión proactiva que implique o establecemento dunha rede de parques forestais, constituídos polos terreos rústicos de protección forestal existentes no concello, incentivando e subvencionando ós propietarios para restaurar e convertelos en bosques de carácter autóctono.

Por todo isto, proponen ó pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Crear unha rede de parques forestais do Concello de Oleiros identificando os solos rústicos de protección forestal que o integrarán, comenzado polos máis extensos.
- 2.- Aprobar un plan de incentivos e subvencións ós propietarios de ditos terreos para que substitúan os eucaliptos e piñeiros por especies autóctonas, facilitándolles exemplares a través de viveiro municipal.
- 3.- Establecer un plan de adquisición polo concello de propiedade rústica forestal para desenvolver proxectos de transformación encamiñados a conseguir “bosques naturais” e o faga de xeito anual e permanente, en aras de mellorar a estrutura dos bens ambientais do concello.
- 4.- Dotar de infraestruturas a ditos parques para que poidan ser disfrutados por tódolos veciños, especialmente a limpeza e sinalización de sendeiros.
- 5.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia tódalas axudas posibles, para o Concello e particulares, para a posta en marcha e conservación desta rede.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).





CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que quere facer constar a súa queixa porque non ten senso ningún este xeito de funcionar, non é eficaz, non pode ser que se chegue a esta sesión plenaria sen ter coñecemento das mocións que se presentan para o seu debate e posible aprobación...

Engade o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, que a verdade é que nesta ocasión foi un erro deles porque descoñecían o correo electrónico dos demais grupos.

Engade a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, de que entende que non é un problema de funcionamento dos grupos políticos senón que é un problema de funcionamento do concello, que debe achegar as mocións presentadas xunto coa orde do día porque así terían coñecemento do seu contido para logo estudalas e pódalas votar con rigor, incluso tamén tendo a posibilidade de emendar se fose posible algún texto, para mellorar a proposta dos demais.

Intervén o concelleiro do “BNG”, D. **Iván Roca**, manifestando que ten que salientar que tampouco coñece o contido das mocións, máis no que atinxe a esta dicir que aínda sen poñer en dúbida as boas intencións do Partido Popular, cada quen é preso da pertenza a cada un deles e polo tanto, a levar a efecto a política que cada partido desenvolve.

Galicia é un eucalipteiro e a pesares da súa beleza parece que facemos o posible por destrozala, a península ibérica está en xeral infectada polo eucalipto pero a que máis é Galicia. É un tema que supera ó tema local, é nacional, é certo que Oleiros conta no seu patrimonio público con moitos parques e xardíns pero tamén é certo que os montes están cheos de eucaliptos, incluso unha zona protexida como a Costa de Dexo é unha eucalipteira e alguén terá a culpa, desde logo o BNG non, polo que solicita do Partido Popular que goberna en Galicia con maioría absoluta para que incida nestes temas primeiro a nivel galego, de ser así o seu grupo aplaudirá.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que en Oleiros existe un plan xeral que define o territorio e polo tanto non hai necesidade dun novo plantexamento para sinalar onde están as zonas húmedas, bosques ou zonas agrarias, polo que insiste en que xa existe un documento que aborda o solicitado.

Por outra banda, que veña o Partido Popular a solicitar isto en Oleiros cando si se dá un percorrido por Galicia, que él adoita facer, resulta que aínda que se publicou unha orde na que se prohibía plantar eucaliptos resulta que Galicia enteira está pragada deles, porque o outro día nunha viaxe que fixo desde Carballo a Sta. Comba resulta que non había máis que acauliptais novos e en prados, que ninguén controlou que se prantasen, non acontece así neste concello porque xa se encargan de perseguir a aqueles que atentan co medio ambiente e a demostración é a cantidade de expedientes abertos a respecto deste tema, aínda que evidentemente nada se puido facer cos que xa estaban prantados ó longo de todo o termo municipal e insiste en que aquí está controlado dentro das posibilidades e cando se fai unha tala se lles obriga a repoboar con especies autóctonas, como carballos e castaños, polo que cre que nada teñen que aprender desta política sustentable co medio ambiente porque levan xa moitos





CONCELLO DE
OLEIROS

anos aplicándoa e non hai máis que pasear por Oleiros para ver que se está ante un dos concellos máis fermosos de Galicia e cunha costa que durante estes 44 anos non se degradou en absoluto, ó contrario, sacáronse edificacións da costa, un traballo serio para poñer orde neste municipio para que se respectase a normativa urbanística impedindo a degradación do entorno e nese aspecto teñen unha nota moi alta aínda que haxa algún que na vida o recoñeza.

Por todo isto, esta moción non a ven o único que lle propón ó Partido Popular é que se pensa que o goberno municipal ignora algunha zona para declárala como boscosa, incluso propoñería o encargo ó Partido Popular que designe as novas áreas de bosque ou parques forestais en Oleiros, non teñen ningún problema.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando que non se trata de sinalar novas áreas, trátase de designar novas zonas, trátase de centrarse no solo rústico de protección forestal existente, unha cousa non quita á outra, o que se propón é incentivar ós propietarios para que substitúan as especies que teñen prantadas nos seus montes, de establecer un sistema de axudas, de protección do medio ambiente, as zonas forestais son as que hai e xa están delimitadas no plan xeral, non se trata de crear unhas novas, insiste.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que xa existe unha ordenanza municipal específica e na que se recolle cales son as especies arbóreas que deben prantarse e ademais na que se prohíbe expresamente a prantación de eucalipto.

Ademais, ten que salientar a este respecto que chegaron a facer asembleas en tres localidades municipais, as máis rústicas e entre elas Dexo, e na xuntanza que mantiveron había incluso un empresario importante que estaba disposto a sufragar a substitución dos eucaliptos e non o entenderon para nada, incluso houbo certa tensión e non foi a máis porque o respectan, pero negáronse taxantemente, aínda que había un dos empresarios máis importantes de Galicia, foron técnicos expertos a explicalo pero, insiste, o non foi rotundo.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular e dous (02) do grupo municipal “Socialista”) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

12.2.- Moción do grupo municipal “Popular” para creación dunha oficina municipal de rehabilitación de vivendas

Da orde do alcalde, procede a dar lectura á moción presentada o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**: “En Oleiros existen núcleos de poboación e áreas rurais con edificacións antigas en regular ou mal estado de conservación.

Moitos deles son de arquitectura tradicional e merece a pena conservalos, para que Oleiros non sexa só un conxunto de modernas urbanizacións. Non convén esperar a que o seu estado ruinoso faga imposible ou moi custosas as rehabilitacións.





CONCELLO DE OLEIROS

Existen axudas de distintas administracións públicas para ditas rehabilitacións das que é necesaria informar ós cidadáns, facilitándolle o acceso ás mesmas.

Estas medidas axudarán a paliar tamén o problema do escaso parque de vivendas en aluguer no concello.

Por todo elo, propoñemos ó pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Crear unha oficina municipal de rehabilitación e rexeneración da vivenda, adscrita á concellería de Urbanismo, con asignación de funcionarios especializados, a fin de que asesoren á veciñanza necesitada de rehabilitar as súas vivendas ou propiedades inmobiliarias, canalizando as axudas das distintas administracións públicas en materia de rehabilitación, calidade arquitectónica, mellora da habitabilidade, accesibilidade, eficiencia enerxética, etc.

2º.- Delimitar áreas de rehabilitación integral (ARI) tanto nos núcleos urbanos coma nos rurais, prestando especial atención a aqueles de valor arquitectónico tradicional.

3º.- Promocionar o destino habitacional para as vivendas tradicionais sen uso.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que Oleiros conta cun plan xeral que non só delimita espazos para obrar, zonas para preservar e tamén incide sobre a protección de vivendas singulares, que existen ó longo do termo municipal e non é necesario ser un pazo para ter o carácter de singular.

Estas vivendas están renumeradas no planeamento e calquera propietario desas vivendas pode en calquera intre a través da publicidade que se dea desde o concello en canto a ordenes da Xunta de Galicia que se convoquen para esta fin, pero tamén ten que salientar que en moitas ocasións e segundo se lles fixo saber, non recurren a este tipo de axudas porque alegan que gastan máis no proxecto que na propia obra, polo que rematan por desistir, porque para cambiar unhas ventás ou repoñer un tellado hai que presentar un proxecto e gastan máis en pagarlle ó arquitecto que na obra.

Betanzos cae a trozos, dicir neste tema que calquera goberno municipal que houbo nese concello fracasou nese aspecto e non fixeron nada para que unha vila histórica como Betanzos estea como está, agás unhas últimas rehabilitacións que fixo a propia Xunta de Galicia, non se coñecen outras nese ámbito.

A veciñanza non está por ese labor, cando o concello abre un expediente de ruína os propietarios claman ó ceo, agora mesmo está a caerlle o tellado a unha vivenda en Coruxo, aínda que pensa que para nada tiña que estar recollida como singular, un erro do equipo redactor do planeamento, pero nun documento tan extenso, xa se sabe.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando que a petición que se realiza a través desta moción é para que exista unha oficina á que o veciño vaia directamente e non haxa tanto burocracia e trámite polo





CONCELLO DE
OLEIROS

medio, porque cando se trata de edificacións que están catalogadas que sexa o propio concello quen se dirixa á propia Xunta de Galicia, que antes o facía.

Abunda sobre o tema a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que o trámite sempre se realiza a través duna consulta técnica e se lle sinala ó ou á interesada os pasos a seguir cando se trata de edificacións catalogadas e cónstalle tamén que nas oficinas coas que conta a Xunta de Galicia, no edificio de Monelos, existen uns funcionarios moi atentos e nos que se lle dá toda a información necesaria para o acceso a esas axudas que se convocan.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, engadindo que ademáis da propia información sobre rehabilitación, tamén se podería falar de trámites a través de fondos europeos, para eficiencias enerxética, que existen moitas axudas.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, que esa información se está a dar porque existe unha oficina competente no departamento de urbanismo e que aborda tódolos aspectos e ámbitos, tamén coas calificacións urbanísticas.

Engádesse pola voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, que solicita do concello que se publicite máis sobre o asunto para que a veciñanza teña coñecemento sobre estes asuntos.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

12.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” sobre mellora da seguridade vial no Couto (Dorneda)

Da orde do alcalde, procede a dar lectura á moción presentada o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**:

“Os veciños e veciñas do núcleo de O Couto en Oleiros levan anos pedindo unha solución aos problemas de perigo que presenta estrada autonómica AC-173 que divide en dous a zona.

Como proposta solicitaron á administración competente que a día de hoxe é titular da vía, a Xunta de Galicia, facer un paso de peóns e reducir a velocidade de 70 a 50 quilómetros por hora neste tramo da estrada. A Xunta rexeitou definitivamente a proposta tras un tempo inaceptable de demora en tramitar e responder.

A Xunta escudouse ata o de agora en que ao tratarse dunha vía interurbana non pode poñer un paso de peóns e ofreceu ao Concello de Oleiros que asuma a titularidade dun tramo da vía AC-173, desde San Cruz a Arillo.

O Concello de Oleiros ata hoxe non quixo facerse cargo do tramo para non custear o seu arranxo e mantemento.

De novo estamos ante unha situación de bloqueo entre institucións que cómpre amañar, porque a función das administracións é resolver problemas, máis aínda cando estamos a falar da seguridade das persoas.





CONCELLO DE
OLEIROS

Así, mentres Concello e Xunta pásanse a pataca quente sen resolver o problema de seguridade dos veciños da zona, as noticias de accidentes na vía séguense producindo e é continuo que algún vehículos circulen con notorio exceso de velocidade poñendo en risco a peóns e outros usuarios da vía.

É urxente que a Xunta e o Concello se poñan de acordo, pero vistos os antecedentes neste e outros asuntos, e para mellorar de inmediato a seguridade viaria en O Couto, entendemos que é posible adoptar unha medida urxente que é a instalación inmediata dun radar fixo que garanta que, polo menos, non se supere o límite da vía de 70 km/h, o que reducirá accidentes e mellorará a seguridade na contorna sen que afecte aos tempos de desprazamento dos vehículos.

En virtude de todo o exposto, o grupo municipal “Socialista” de Oleiros solicita do pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- O pleno da corporación municipal de Oleiros apoia emprender todas as actuacións oportunas para mellorar a seguridade viaria na estrada AC-173 ao seu paso por O Couto.
- 2.- O pleno da corporación municipal de Oleiros acorda instalar de xeito urxente un radar fixo na estrada AC-173 ao seu paso por O Couto, que garante que non se supere o límite da vía de 70 km/h., o que reducirá accidentes e mellorará a seguridade viaria e peonil.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear a urxencia* e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

12.4.- Moción do grupo municipal “Socialista” para mellorar o funcionamento e participación dos grupos da oposición na vida municipal

Da orde do alcalde, expón á moción presentada a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que presentan esta moción e esperan ter máis sorte que coa anterior porque non aceptar un mellor funcionamento e participación dos grupos políticos municipais a oposición na vida municipal sería difícil de entender e xustificar, esperan poder debatela e que non sexa rexetada a súa urxencia e podela tratar, Sr. García, porque estase a iniciar o mandato e é agora o intre oportuna e acaído para mellorar e ornaizar a forma da vida municipal.

De seguido, porcede a dar lectura ó texto da moción, que se transcribe:

“Os grupos que conforman a oposición son un elemento básico e esencial nos rexímenes democráticos. A súa importancia radica en que son o factor de control e de limitación para o goberno actual e tamén a alternativa para a formación dos futuros gobernos.

E, precisamente para que dende a oposición os grupos poidan realizar o seu traballo de control, fiscalización ou apoio, o goberno ten que consideralos, respectalos e ademáis comprometerse a facilitar por tódolos medios o seu traballo para qu así se poida medrar en democracia.

Por iso que en aras do principio de transparencia e polo respecto aos dereitos democráticos da corporación de Oleiros, o grupo municipal “Socialista” presenta a seguinte moción e solicita do pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Para que as adicacións se repartan, proporcionalmente en función dos resultados electorais, entre todos os concelleiros e concelleiras da corporación municipal e non só entre os que conforman o goberno.





CONCELLO DE
OLEIROS

2.- Para que o persoal eventual se adscriba a todos os grupos que conforman a corporación, proporcionalmente en función dos resultados electorais, e non só ó grupo de goberno.

3.- Para que se creen comisións informativas permanentes segundo as áreas de goberno e que se reúnan coa periodicidade que requira o debate de todos os asuntos que xurdan nas distintas áreas, nas que participen tódolos grupos que conforman a corporación municipal do Concello de Oleiros, coa proporcionalidade e tendo en conta os resultados electorais, e non só os concelleiros e concelleiras do grupo de goberno.

4.- Para que se regule a representación de tódolos grupos que conforman a corporación do Concello de Oleiros, coa proporcionalidade en tendo en conta os resultados electorais, nos consellos de administración ou nas xuntas xerais das empresas públicas e que non este asó representando o grupo de goberno.

5.- Para que se respecte e asegure a presenza de tódolos grupos que conforman a corporación municipal de Oleiros, coa proporcionalidade e tendo en conta os resultados electorais, en tódolos actos públicos que organice ou teña presenza o Concello de Oleiros e que non estea só presente o grupo de goberno.

6.- Para que se organice un espazo, con proporcionalidade e tendo en conta os resultados electorais, para informar e recoller o traballo dos grupos da oposición municipal e non só a do grupo de goberno, na radio municipal, así como nas publicacións informativas e divulgativas. E tanto nas publicacións escritas coma nas que se fagan a través das redes ou con calquera outro método ou material audiovisual que se publique desde o concello.

7.- Para que se creen os consellos sectorais (deportes, educación, sanidade, violencia de xénero, etc.) que esta corporación nun acordo plenario, estime como oportunos e necesarios nos que participen técnicos, asociacións veciñais ou doutra entidade con interese na materia a tratar e, por suposto, tódolos grupos que conforman a corporación, con proporcionalidade e tendo en conta os resultados electorais e non só o grupo de goberno.”

Remata a súa lectura, solicitando de antemán o apoio para estes acordos roga que se realice por puntos.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que non se vai votar a moción por puntos, é unha moción con diferentes puntos propostos e en todo caso, primeiro hai que votar a súa urxencia.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto favorable do seu grupo á moción dado que son petición realizadas polo seu grupo desde hai tempo.

Intervén a concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que a moción a verdade é que é un pouco farragosa e extensa, polo que lle gustaría máis podela estudar polo miúdo e tendo en conta que xa nun pleno anterior, do mes de marzo ou abril, o goberno municipal comprometeuse a mellorar as condicións dos grupos da oposición, pero insistindo en que debido á complexidade da propia moción e sen tempo para estudala mellor, vaise abster.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que respecto á moción e aténdose ás diferentes propostas, no primeiro punto sinala que solicitan o reparto proporcional das dedicacións, é dicir, de salarios fala, e ante iso ten





CONCELLO DE
OLEIROS

que dicir que calquera empresa do Estado español paga ós seus traballadores polo seu labor desenvolvido na empresa, ós que non traballan non lles pagan, polo que neste concello só existen salarios para os e as que van traballar, por certo, máis baixos que calquera concello da comarca da Coruña onde governe o Partido Socialista, como xa dixo en días pasados, parece que nalgún concello tocou a lotaría xa, o gordo polos salarios, e non só ós concelleiros ou concelleiras electas democraticamente senón tamén ós amigos asesores, polo que veña agora a voceira socialista a dicir isto aquí neste concello, pois vai ser que non, aquí non se fai este tipo de política.

Tamén falaba da adscrición de persoal eventual a cada grupo político e ten razón o concelleiro do BNG cando dixo na súa intervención de que se comprometerá a arranxar os locais habilitados para os grupos políticos e agora que xa remataron as obras están en perfectas condicións os tres espazos para o seu uso maila funcionaria adscrita ós tres grupos que está a súa disposición para axudarlles no que precisen.

A respecto de que se regule os medios a cada grupo en base á proporcionalidade da súa representación, ten que dicir que a proporcionalidade é a resultante das eleccións celebradas e a que se lle deu a cada un, ó igual que o espazo reservado no “Vivir en Oleiros”, que ás veces non envían nada para publicar e queda en branco, un espazo reservado na contraportada, aproveita a ocasión para anunciar que próximamente van empezar a retransmitir as sesións plenarias por televisión e sobre as entidades veciñais, cre que debe haber poucos concellos en Galicia que funcionen como éste coas entidades e non comprándolas dándolles subvencións cando chegan as eleccións, senón que levan desde o ano 1979 con relación con elas dándolle subvencións directas, uso de instalacións públicas municipais, deportivas, etc. pódese dicir que as entidades en Oleiros funcionan de maravilla e é a clave do éxito de Alternativa dos Veciños porque eles mesmos son pobo.

Aproveitando a presentación desta moción e ó fío do dito nela, gustaríalle que lles mandasen recado ós seus compañeiros de Fisterra porque alí o grupo socialista non lle quere pagar un salario á alcaldesa, cando o anterior alcalde socialista tiña 42.000 € de salario e agora non quere darllo á nova alcaldesa, polo que déixense de tanta demagogia porque en Cangas, Alternativa dos Veciños deulle a alcaldía ó BNG, que ten un pacto de goberno co PSOE, que xunto con Alternativa dos Veciños suman 11 que é a maioría absoluta, por 10 do Partido Popular, e déronlle a alcaldía ó BNG e agora nen sequera queren deixarlles falar no pleno, así que leccións de democracia para vostedes onde gobernan e aquí está todo ben, mellorable sen dúbida, pero todo está ben.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalándolle ó alcalde que se aplique o conto porque gusta de mirar ós concellos da contorna e no debate da derradeira sesión, dixo que en Oleiros estaban actuando ó igual que nos concellos da comarca e isto sabe que non é así, ó mellor tamén pode mirar o que está a acontecer noutros concellos máis lonxanos como Marbella ou Torrelodones, aproveitou vostede o pleno extraordinario para nomear ós membros das mesas para subirse o seu salario mailo dos membros do seu grupo. E non ten que mirar tan lonxe, mire a Deputación provincial que goberna o PSOE e a Alternativa dos Veciños ten un só deputado, vostede, e conta cuns medios que para elas quixeran, como grupo político 30.000 €/ano, que por catro anos son 120.000 €; asignación dunha praza de persoal eventual con un só deputado, un C-1, Nivel 17, cun salario de 38.449,12 € brutos/ano, é dicir, uns 153.000 € polos catro anos; retribucións por asistencia a órganos,





CONCELLO DE
OLEIROS

plenos 591 €; comisións informativas 370 €; Xunta de Voceiros 42,83 € ó igual que as mesas de contratación. Actualmente existen 10 comisións permanentes das distintas áreas e vostede pode asistir a todas elas, Sr. García Seoane, pero é que ademais ten dereito a que lle aboeeen os gastos de locomoción por asistencias a calquera comisión formalmente convocadas, aínda que como vostede conta con vehículo oficial pagado polos veciños e veciñas de Oleiros, supón que non os cobrará.

¿Parécelle Sr. García xusto, paralelo ou extrapolable?; ¿Parécelle que están tratando axeitadamente ós concelleiros e concelleiras dos grupos da oposición neste concello? En comparanza co que o alcalde percibe doutras administracións, espera que ante esta motivación a moción presentada polo seu grupo sexa tida en conta e que os membros do grupo de goberno de “Alternativa dos Veciños”, coñecedores destes datos e receptores desas prestacións, voten favorablemente á mesma, lembrándolle tamén que noutras cámaras sí se pode votar por puntos as propostas.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestándolle á voceira do grupo “Socialista” que o que non se pode vir aquí é a mentir, en primeiro lugar porque ninguén subiuse o salario senón que se subiu de conformidade ó acordado polo goberno central do seu partido, non fixeon ó igual que os seus e súas compañeiras na Coruña, que pasaron de 50 e tantos mil euros a 70 mil, iso si que é subirse o salario e tamén a 60 e pico mil euros a maioría dos 27 empregados de confianza e a 50 e pico mil ós restantes, iso si que é subirse o salario, cobran máis que calquera concelleiro ou concelleira con responsabilidade neste concello, trablalando tódolos días e alí van cando lles cadra...

Neste intre a voceira do grupo “Socialista”, Sr. **Acuña**, sinalalle ó alcalde que fale dél e do seu grupo e non dos demais...

Segue coa súa intervención e quenda de contestación o alcalde, Sr. **García**, sinalándolle á voceira do grupo “Socialista” que ten que se acostumar a respectar as quendas de intervención, como él fixo cando falou, esqueceuse de sinalar que na Deputación podería cobrar uns 70.000 € de salario e renunciou a eles e aquí cobra 62.000 €, porque aquí en onde traballo e onde tamén ten que cobrar, 69.646 € que podería cobrar da institución provincial e remata insitindo que non se subiron os salarios neste concello e seguen a ser os máis baixos da comarca, aprendan a ser servidores públicos sen recurrir as dádivas ou a enriquecementos ilícitos, como algún outro, que tiña que pagar él en vez de cobrar do concello, polo que requírelle que se deixe de palabras baleiras porque neste concello non lle van colar.

Ante a petición da palabra por parte do concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. Fernández, o alcalde lémbra-lle ós membros do grupo municipal “Socialista” que teñen nomeada unha voceira e un voceiro suplente e aquel ou aquela que interveña en cada punto ten que remátalo, o que non se pode é intervir os dous.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalándolle ó alcalde que o que teñen claro é que as cifras non coinciden porque as cifras do ano 2019 non son iguais ás do 2023 e foi precisamente na sesión plenaria á que aludiu antes onde se fixo oficial a derradeira subida dos salarios.





CONCELLO DE
OLEIROS

Como saben, ela traballa para o SERGAS e non lle subiu o seu salario nestes anos na proporción ó que lle subiu o salario ó alcalde e ó seu grupo de goberno, pero como neste tema vaino abordar en maior profundidade o seu compañeiro noutra iniciativa que achegan ó pleno, vaino deixar así.

Volve contestar o alcalde, D. **Ángel García**, solicitándolles que non veñan con mentiras, porque non é certo que se subiran os salarios agás o que marcou a lei e pregunta ó concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. Fernández, se sendo empregado eventual no concello da Coruña e se cando subiu o salario a nivel xeral o goberno do Estado se non subiu él tamén...

Contesta negativamente a voceira do grupo “Socialista”, Sr. **Acuña**, sinalando que non tanto como a subida tanto do alcalde coma dos membros do goberno municipal de Oleiros.

Segue coa súa intervención o alcalde, Sr. **García**, explicando que o nomeado Sr. Fernández na Coruña tiña un salario de 62.000 e pico de euros, o mesmo que lle rematan de poñer ós concelleiros máis baixos do Concello da Coruña, o Sr. Fernández, que foi tamén concelleiro e coñece ben estes aspectos, pregúntalle se non subiu en proporción ó que marcou o goberno do Estado.

Solicita a palabra e intervéñ por alusións o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que o alcalde está a verter unha serie de imprecisións que parece que é costume aquí e logo como pecha a quenda de intervencións, non se poden rebater.

Na Coruña, no mandato anterior, houbo 27 persoas de libre designación, e como achega datos doutros concellos hai que lle dicir as cousas como son. Facendo unha extrapolación de datos, das 7 persoas que nomean vostedes aquí, en proporción na Coruña debería haber 44 e dos salarios que está a dicir o alcalde, non teñen nada que ver os está a inventar poque, a día de hoxe, están nomeadas cinco persoas na Coruña e aquí hai 7 e a respecto ó seu salario, convidalle ó igual que o fixo cando o Sr. Negreira gobernou con maioría absoluta no concello da Coruña don diferentes asuntos, non só que se fixera público o salario senón tamén que se anexionara o curriculum vitae de cada quen, porque o seu preséntallo a calquera, leva 32 anos de vida laboral, é enxeñeiro técnico industrial e licenciado en dereito, que rematou mentres traballaba, e ten catro oposicións diferentes aprobadas, actualmente é funcionario de educación e insiste en que ten unha experiencia laboral que o avala perfectamente e pode extrapolar o seu salario ós membros da corporación.

A concellería que leva a dirección técnica, a día de hoxe, tivo un orzamento no exercicio pasado de preto de 50 millóns de euros, é dicir, pola súa responsabilidade técnico-política pasou un orzamento maior que o total de Oleiros, o mesmo traballo que desenvolveu aquí o están a realizar 13 persoas, así que solicita do alcalde un pouco de rigor e a condición de funcionario non se regula, obtéñse e convida tanto ó alcalde coma ós seus membros do goberno municipal que presenten o seu curriculum para comparalos e verase cal foi a traxectoria que os levou ata aquí, incluso tamén o curriculum dos asesores de libre designación que xa colocou neste concello para coñecer cal é a súa aportación e traxectoria.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do goberno municipal de “Alterantiva dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que tamén quere matizar algo aproveitando este debate, porque parece que elas cobran moito polo seu traballo, como ademáis son sumisas e tontas, porque aínda a día de hoxe está esperando unha rectificación por parte da voceira do grupo “Socialista”, Sra. Acuña, porque foi o que dixo no pleno pasado que a ver en quen delegaba o alcalde as funcións, porque tiña a cinco mulleres de tenentes de alcalde, sentiuse ofendida e as súas compañeiras de goberno exactamente o mesmo e están a esperar unha rectificación e unha disculpa.

Interven por alusións a voceira do grupo “Socialista”. D^a **M^a Carmen Acuña**, salientando que o que puxo enriba da mesa na derradeira sesión plenaria foi a peculiaridade deste concello en canto a entender a paridade e trátase dun dato obxectivo, existe un alcalde e ¿Cas tenentes de alcalde ten?, simplemente fixo esa observación e mantén o dito e lamenta que se tiveran ofendido por poñer enriba da mesa un dato obxectivo.

Para rematar, intervén o alcalde D. **Ángel García**, sinalando que dixo o concelleiro do grupo “Socialista” que neste intre só tiñan ocupados 5 postos de libre designación na Coruña, pero evidentemente van ocupar os 27, porque non se crean uns postos para non ocupalos e estaban á espera de a ver que acontecía no país, por si tiñan que colocar ós descolocados, tamén na Deputación que tampouco os teñen pechados, polo que habería un total de 54 postos vacantes para aqueles que poidesen quedar descolados, chegado o caso, do Partido Socialista.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **dous (02) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”); **seis (06) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular e un (01) do BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

12.5.- Moción do grupo municipal “Socialista” para mellorar o funcionamento e participación dos grupos da oposición na vida municipal

Da orde do alcalde, expón á moción presentada o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dando lectura ó texto da moción, que se transcribe:

“O PSdeG de Oleiros aposta por unha mellora medioambiental sostible. Para o PSdeG o medio ambiente é prioritario, a calidade do meso, o territorio, a biodiversidade e o benestar animal están entrelazados e exixen unhas políticas que atendan simultaneamente a todos eses factores.

Frone ás prohibicións de acceso aos espazos públicos que impulsou o actual alcalde, o PSdeG de Oleiros propón crear áreas caninas pechadas para que os cans poidan xogar en liberdade baixo supervisión dos seus donos en diferentes zonas, comenzando polas máis urbanas que son as que presentan maior carencia.

Por outra banda, o PSdeG de Oleiros propón eliminar as sinalizacións de “prohibido cans” dos parques, restrinxindo as condicións de acceso a aquelas nas que haxa zonas de xogo infantís.





CONCELLO DE OLEIROS

É posible facilitar a convivencia dos milleiros de oleirenses que contan con cans e outras mascotas, regulando no canto de prohibir, establecendo mediante ordenanza as obrigas sobre o paseo de cans polo concello en espazos públicos e praias e é posible implantar un sistema de trazabilidade das deposicións caninas para solucionar a aquela minoría que non sexa cívica.

Hai que establecer, consensuadamente, areais que poidan utilizar cans en praias. É certo que nos areais que contén con bandeira azul non pode haber cans, pero tamén é certo que bandeira azul non é unha entidade pública, senón privada, unha especie de Clube que establece as súas normas de maneira arbitraria e que hai outros xeitos formais de garnatir a calidade e servizos dos areais como as ISO de xestión ambiental.

Por outra banda, cómpre fomentar a adopción en colaboración coas asociacións protectoras de animais e o Consorcio As Mariñas, responsable do servizo de lacería en Oleiros e concellos contiguos.

Para acadar unha mellora da convivencia na que os protagonistas sexan os e as oleirenses e as súas mascotas, o concello pode facer campañas informativas e de concienciación dos deberes dos responsables das mascotas, buscando o mellor equilibrio dos usos dos espazos públicos por parte de todos.

E o concello ten que levar o control das colonias felinas, evitando así a proliferación de gatos e impulsando as actuacións de captura e esterilización de animais da rúa.

En virtude de todo o exposto, o grupo municipal “Socialista” de Oleiros solicita do pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Crear área caninas pechadas para qu os cans poidan xogar e relacionarse en liberdade baixo supervisión dos seus donos en diferentes zonas, establecendo un plan para chegar a todo o concello, comenzado polas áreas máis urbanas por ser as que presentan maior carencia.
- 2.- Eliminar as sinalizacións de “prohibido cans” dos parques, restrinxindo as condicións de acceso a aquelas nas que haxa zonas de xogo infantís.
- 3.- Implantar un sistema de trazabilidade das deposicións caninas, para sancionar a aquela minoría que non cumpra cos seus deberes cívicos.
- 4.- Establecer, consensuadamente, areais que poidan utilizar cans en praias.
- 5.- Fomentar a adopción, en colaboración coas asociacións protectoras de animais e o Consorcio das Mariñas.
- 6.- Facer campañas informativas e de concienciación dos deberes dos responsables das mascotas, buscando o mellor equilibrio dos usos dos espazos públicos por parte de todos.
- 7.- Que o concello leve o control das colonias felinas, evitando así a proliferación de gatos e impulsando as actuacións de captura e esterilización de animais da rúa.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que roga que non se repitan as mocións porque esta xa é a segunda vez que a presentan.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; cinco (05) do grupo municipal “Popular e un (01) do BNG) e **trece (13) abstencións** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, explicando que en bastantes puntos da moción están de acordo e tendo en conta que a poboación de mascotas neste concello é elevada entenden que se debería





CONCELLO DE
OLEIROS

regular algúns espazo público e areal para uso e disfrutes destes animais. Sen embargo, na moción fálase de áreas caninas pechas e non sabe ata que punto os donos e donas de mascotas estarían de acordo con elas, sobre todo aquelas áreas ás que se denominan como “pipicans” que cre que non son moi saudables e habería que facer outro tipo de proposta.

En canto a eliminar a prohibición de cans nos parques públicos, no texto da moción se fala de parques e parques infantís e cre que a maioría dos parques contan cunha área infantil de xogos, polo que entende que sería mellor habilitar outro tipo de parques para disfrute das mascotas.

Sobre o tema da imposición de sancións, cre que xa está regulado e no que si estarían de acordo é na implementación de campañas publicitarias e divulgativas de responsabilidade por parte dos propietarios dos animais, é unha cuestión educacional e sobre exercer o control de colonias felinas é un asunto que xa o seu grupo trouxo a debate a este pleno porque é real que en determinadas zonas existe unha proliferación de gatos, ratas e outro tipo de animais, pero o que se lles dixo é que existía unha empresa encargada deste labor, polo que debería insistirse en que estas campañas sexan efectivas e se leven a cabo.

Intervén o concelleiro do BNG, D. **Iván Cruz**, salientando que moitas das demandas contidas nesta moción son propostas históricas do seu grupo e da cidadanía, o que é innegable é que cada vez hai máis mascotas e cantas máis urbanizacións máis cans haberá, polo que entende que hai que regular isto con xeito e non é nada doado tal e como se está a ver con problemas por exemplo en Lorbé, de cans que molestan á veciñanza e cren que a normativa municipal débese adaptar á lexislación que se está a implementar tanto a nivel galego como estatal. Basicamente están de acordo coa moción presentada polo grupo “Socialista”, aínda que matizaría o de “prohibido cans”.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que no seu intre xa se fixeron zonas pechadas para cans e no funcionaron, tal e como sinalou a voceira do grupo “Popular”, en concreto no centro de Sta. Cruz e ninguén levaba o seu can a esa zona, os que andan cos cans queren disfrutar con eles e por exemplo pódense soltar no bosque dos veciños, ou no bosque de Xaz, 180.000 ou 400.000 m2 pero ó mellor o can pérdese, por iso prefiren telo preto deles, existe xa unha ordenanza e está de acordo co representante do BNG en que ó mellor hai que actualizala en base á lexislación actual pero o que non deixa de ser certo tamén é que existen persoas incívicas, o outro día por exemplo e non é a primeira vez que esta parella o fai, no parque das 13 Rosas nun banco había un montón de pelo do can que pelaron e deixaron alí e non o recollen, a pena é que non os colla calquera veciño e lles sacase unha fotografía e sen implicarse absolutamente nada a envíen ó concello para poder actuar contra eles.

Tamén salienta que no pasado mes de maio producíronse tres ataques de cans neste concello, un deles a un pequeno ó que lle mordeu o propio can da casa na cara e tivo que levalo o pai a Estados Unidos a que lle reconstruíran o rostro a unha clínica especializada e outros dous ataques a persoas maiores que chegaron a tumbalas no parque das 13 Rosas e iso está a acontecer e non existe ningún problema en que se disfrute dos cans, pero con precaución e segundo as ordenanzas, porque algún pensa que o can ten máis dereitos que as persoas.





Respecto ó cuidado e control de animais na rúa, existe xa unha empresa contratada a nivel do Consorcio As Mariñas que se encarga destes asuntos e como ven a moción presentada non ven con nada novo e insiste en que Oleiros conta con innumerables espazos abertos onde disfrutar das mascotas, pero hai que respectar as normas.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que o que debe quedar claro é que cómpre a actualización da ordenanza municipal, regulando certos aspectos que hoxe a normativa cambiou e por iso aproveita para solicitar que cando se leve a cabo se conte cos grupos políticos da oposición para a súa modificación.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que cando se vai modificar a ordenanza achegárase ó pleno e poderase participar como sempre, polo que entende que xa está suficientemente debatida a mesma e debe procederse a súa votación.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **tres (03) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG); **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

*** rogos e preguntas**

12.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo e dotación de máis seguridade na entrada do Centro ASPRONAGA e senda peonil que dá á Avda. Isaac Díaz Pardo

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“O acceso peonil a ASPRONAGA desde a Avda. Isaac Díaz Pardo é moi complexo para persoas con mobilidade reducida. O paso tanto pola senda peonil coma pola propia avenida está en moi mal estado polo que ROGAN:

- 1.- Que se faga unha beirarrúa na entrada do centro de ASPRONAGA.
- 2.- Que se proceda a arranxar toda a senda peonil, dándolle máis ancho e solicitando da Xunta de Galicia a instalación dun paso de peóns para poder cruzar con seguridade desde o centro de ASPRONAGA á propia senda.”

12.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre substitución de farol na Pza. Agramar

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Na praza de Agramar existe un farol coa base oxidada e rota e da que se pode ver incluso o seu cableado, polo que rogan a súa substitución.”

12.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre instalación de plataformas de madeira para facilitar acceso e disfrute das praias para persoas con mobilidade reducida

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Desde o seu grupo consideran que para as persoas con mobilidade reducida, a instalación nas praias de Sta. Cristina, Bastiagueiro e Mera, unhas plataformas amplas de madeira cubertas cunha carpa para que estas persoas poidan moverse por sí mesmas e disfrutar tanto do sol coma da sombra e non que teñan que abandonar as praias despois de darse o seu baño, polo que rogan a súa instalación canto antes.”





CONCELLO DE
OLEIROS

12.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre ampliación do paso na estrada que baixa á Rúa Donte D’Ouro

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Que vaille dar traballo ó alcalde como deputado provincial, porque na estrada que baixa á Rúa Fonte D’ouro, a DP 1707, sobre todo despois da rotonda da Vía Ártabra, ese tramo é moi estreito sobre todo cando se trata de paso de camiós, que ó ser un polígono industrial existe bastante tráfico deles, polo que rogan que solicite a súa ampliación á Deputación Provincial, como titular da vía, tal e como se fixo tamén coa Rúa Casares Quiroga.”

12.10.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre instalación de bandas reductoras de velocidade antes de chegar á pequena rotonda preto do Club de Tenis

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“A rotonda de acceso ó Club de Tenis é moi cativa e os vehículos alí veñen xa a bastante velocidade producíndose accidentes frecuentemente, de feito existe alí un farol que leva tumbado xa hai bastante tempo, polo que o que rogan é a instalación de bandas reductoras da velocidade antes de chegar á sinalada rotonda.”

12.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre o arranxo do foso do Seixo

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O seu primeiro rogo vai sobre o foso do Seixo e queren solicitar da alcaldía que o que aconteceu co foso do Seixo non volva pasar. Non pode ser pola terquedade ou negligencia ou desa característica propia súa, de botar balóns fóra chéguese a poñer en perigo a seguridade dos e das veciñas de Oleiros.

Tiveron que caer dúas persoas nese foso; un home que sufriu lesións moi serias con numerosas fracturas e un neno de 9 anos para que o alcalde escoitase por fin as queixas reiteradas da veciñanza e dos grupos da oposición e se dignou a parchear polo importe de 3.000 € o problema do foso, evitando así máis percances.

Non hai cartos que paguen a dor, o sufrimento ou o medo deses veciños e das súas familias, pero é que ademais, chegaron tarde porque xa había dano e había denuncia, e por ista comprobaron como os tribunais déronlle a razón a ese veciño condenando ó concello a unha indemnización de 71.000 €, con isto quere poñer de manifesto que tiñan razón e a responsabilidade era súa e non de Costas como se empeñou en defender sempre. Por iso, eses 71.000 € saíran das arcas municipais, pero eses cartos nin o sufrimento infrinxido...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle á voceira do grupo “Socialista” que faga dunha vez o rogo porque o que non pode é facer unha intervención longa sen ceñirse ó rogo que vai presentar, ó que lle contesta a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, que non sabía que había unha limitación de tempo para presentar os rogos e preguntas e que pensaba que estaba nun pleno democrático e que se podía falar, ó que lle responde o alcalde, Sr. **García**, que non sexa demagoga e que presente os rogos dunha vez.

Segue coa súa quenda de presentación de rogos a voceira do grupo “Socialista”, Sra. **Acuña**, dicindo que parece mentira que o alcalde quera gastar 12 millóns de euros nun edificio multiusos, so para a súa maior gloria, deixando por outra banda de cubrir as necesidades básicas da veciñanza, como é o caso, e por iso ROGAN que non volva acontecer o ocorrido no Seixo.

Neste intre, prodúcese debate entre o alcalde, D. **Ángel García**, e a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, en canto ó establecido no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) sobre a quenda de rogos e preguntas; defendendo a segunda que non figura tempo de intervención para formular rogos e preguntas; sinalándolle o primeiro que como xa foi deputada noutro foro, xa coñece a concelleira que todo o que non estea regulado en canto a quendas de intervención, é quen preside a sesión quen o determina.





12.12.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre puntos de información "violetas"

Expón o rogo a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

"Moitos e moitas de vostedes coñecen o que moitas feministas adoitan nomear como "puntos lila", unha iniciativa estatal para loitar contra a violencia machista, así como acercar axuda ás posibles vítimas alí onde poidan ter un maior risco, como por exemplo festivais, vestas ou ocio nocturno.

Trátase de puntos móbiles onde se lles presta ás posibles vítimas asesoramento, información ou acompañamento no caso de ser necesario e desde onde, sempre e só coa súa presenza, sensibilízase e edúcase nun dos problemas máis graves que ten a nosa sociedade.

Saben, pola información que lles deron na concellería de igualdade, por certo con toda amabilidade, que en Oleiros xa se están a instalar puntos violetas nalgunhas festas, sen embargo non se contempla para o "Xacobebo", ó se tratar dun evento organizado desde o concello e por ese motivo queren formular o rogo seguinte:

Señor alcalde, tendo en conta que esa festa pódese considerar de alto risco, pola propia natureza do evento e pola pasiva resposta e acollida que está tendo entre a xente máis nova, desde o punto de vista do grupo "Socialista" solicitan que sexa atendido o seu rogo e, independentemente de quen sexa o promotor ou organizador da festa, o Concello de Oleiros dote ó "Xacobebo" dun punto violeta.

A loita contra a violencia machista non pode depender de quen sexa a organizador da festa, debe estar sempre presente e moi especialmente onde poida ser máis necesaria. Nas ocasións onde se precisa para axuda da vítima e sempre para sensibilización e educación da poboación."

12.13.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre cortes frecuentes de luz no termo municipal

Expón o rogo a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

"Desde o grupo municipal "Socialista" volvemos a solicitar que se solucione dunha vez por todas e de xeito urxente, porque son varias as zonas de Oleiros nas que a menudo prodúcense cortes de luz e quere poñer como exemplo dúas zonas moi concretas e dous problemas ó mesmo tempo, diferentes. Unha en Mera, onde un día sí e outro tamén, no Centro de Saúde prodúcense cortes de luz, co risco que isto conleva por exemplo para as vacinas, que preiscan dunha temperatura constante para a súa axeitada conservación, de feito, nalgunha ocasión o servizo de enfermería tivo que desbotar algunha partida de vacinas por ter serias dúbidas da súa conservación ó terse interrompida a cadea de frío por estar longo tempo a neveira sen corrente eléctrica.

Outra zona que se vé afectada frecunetemente con cortes de luz é Sta. Cristina, a maltratada que diría a copla, pois non falla detalle e a pesares da súa fermosura sendo un punto estratñéxico para o turismo en Oleiros, está sempre sucia, abandonada, co lixo amoreado nas rúas...

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle á voceira do grupo "Socialista" que faga dunha vez o rogo, porque o que non vai permitir e que se fagan uns rogos extensos dicindo o que lle peta, porque os asuntos xa se debaten e, por outra banda, tamén dispoñen das mocións para tratar asuntos en concreto, pero agora está na quenda de rogos, polo que se debe ceñir a isto.

Sinalalle a voceira do grupo "Socailista", D^a **Carmen Acuña**, que entende que ese tipo de comentarios son moi subxectivos e está co dereito da palabra, ó que lle insiste o alcalde, Sr. **García**, en que faga o rogo dunha vez porque non centra o seu contido e está a falar de temas que nada teñen que ver co rogo que estña a formular.

Segue formulando o rogo a voceira do grupo "Socialista", Sra. **Acuña**, sinalando que:

En Sta. Cristina, a Rúa Mendel leva días e días con cortes de luz, polo que roga que na medida das posibilidades do goberno municipal, diríxase ós responsables para que na maior brevidade posible solucionen este problema grave e, tamén, en aras da democracia que permita falar ós membros dos grupos da oposición."





12.14.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre respecto institucional facilitando o seu labor ós grupos da oposición

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Parece que vai realizar un rogo moi acaído neste intre, o mesmo respecto merece un cidadán que compartiu decisión de voto con 3.000 cidadáns, que o que o compartiu con 10.000, por iso pregan respostas con fondos e formas axeitadas para que dentro de catro anos se poidan presentar coas súas siglas ante a cidadanía coas súas siglas co aval do feito, uns decidindo o rumbo e outros, fiscalizando a acción de goberno e aportando que, visto o visto, vai ser pouco porque non lle deixan.

Tendo en conta que o goberno municipal conta con maioría suficiente, non é moito pedir, só ir cos tempos actuais e coa democracia, como tampouco é moito pedir que se flexibilidade de horario para o acceso dos e das concelleiras da oposicións ós expedientes e documentación para facer o labor que a cidadanía oleirense encomendoulles.”

12.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre asumir o concello o tramo perigoso de estrada en Arillo en vez de solicitar a cesión do Porto de Sta. Cruz

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“Estes días leron na prensa declaracións do alcalde onde dicía que estaba pedindo a Portos de Galicia o traspaso da titularidade do Porto de Sta. Cruz para facer unha praia de area, polo que a pregunta que se fai o seu grupo é o custo que vai supoñer o mantemento dese porto ós e ás oleirenses.

Parécelles un pouco frívolo que o alcalde ande suplicando á Xunta de Galicia a titularidade do Porto de Sta. Cruz mentres rexeita asumir a titularidade do tramo que noutro orde de cuestións, a propia Xunta ofrécelle en canto ó tramo da estrada en Arillo, que lle permitiría rematar dunha vez por todas coa preocupación da veciñanza desa zona ó haber risco de que se produza en calquera intre un accidente grave.

Por todo isto e ante o dilema de escoller entre asumir a titularidade dun porto ou asumir ese tramo que é moi problemático e de moito risco para peóns, ciclistas e veciñanza, de aí que o seu rogo é que xestione con sentido común antepoñendo a seguridade á frivolidade.”

12.16.- Rogo do concelleiro do BNG sobre a construción do depósito de auga en Sarro e posible subida no servizo de auga

Expón o rogo o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O novo depósito de auga que se construírá en Sarro, parroquia de Nos, será financiado pola Deputación e a Xunta de Galicia, mais tamén existe unha parte que corresponderá ao Concello de Oleiros e que se cubrirá cunha suba do servizo da auga.

Rogamos ao concello que explique cal será esa suba.”

Ía facer un rogo pero como xa o alcalde comprometeuse a adaptar á lexislación actual a ordenanza de protección de animais domésticos, xa non o vai expoñer.

12.17.- Rogo do concelleiro do BNG sobre roturas da tubaxeda auga no nº 112 da Avda. Salvador Allende

Expón o rogo o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Veciñanza da zona informan de que á altura do número 112 da Avenida de Salvador Allende prodúcese roturas frecuentes nas tubaxes que son reparadas vía remaches ou parches sendo cuestión de tempo unha nova rotura.

Rogamos ao concello que aporten unha solución definitiva.”





12.17.- Rogo do concelleiro do BNG sobre problemas para realizar a súa actividade do Clube de Regatas de Perillo, despois das últimas actuacións na praia de Sta. Cristina

Expón o rogo o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Clube de Regatas de Perillo lamenta que dende as últimas actuacións de drenaxe en Santa Cristina existe unha sobre aportación de áridos que fai que a profundidade á altura do dique de pedras construído á altura da illa de Santa Cristina chegue a ser duns 40 ou 50 centímetros en marea baixa, evitando que embarcacións poidan achegarse a terra.

Rogamos ao concello aborde esta situación perante quen corresponda.”

12.17.- Rogo do concelleiro do BNG sobre os últimos reveses xudiciais sufridos polo concello

Expón o rogo o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Ó xa dito pola Sra. Acuña en canto ó tema do Seixo, son varios os reveses xudiciais ou administrativos sufridos polo Concello nos últimos días, con independencia de que poidan caber recursos ou non (indemnización polo accidente do Seixo, do que ó mellor habería moito que falar sobre a actuación da Demarcación de Costas; indemnización ao clube de intercambio de parellas pola previa e improcedente sanción municipal de 300 € a este clube e tamén a admisión a trámite da denuncia contra a instalación do bolardo da Rúa Polvorín).

Con independencia das valoracións xa sabidas do BNG ten sobre estes asuntos, non nos agrada nada que o Concello teña que asumir, cos cartos de toda a veciñanza, o custo por unhas indemnizacións que ó mellor poderíanse ter evitado.

Rogamos ao concello que evite estas situacións no futuro.”

12.18.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre altercados producidos nas festas parroquiais de Dorneda

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Nas festas de Dorneda producíronse uns incidentes protagonizados por xóvenes ós que catro axentes da Policía Local presentes trataron de poñer orde, dito isto tamén é certo que estando os catro alí que estaban a patrullar non había ningún máis no resto do termo municipal, polo que pregunta ¿Cando teñen pensado convocar un maior número de prazas para a Policía Local?.”

12.19.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre desbroce dos camiños e estradas municipais

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“O desbroce das estradas e camiños municipais adóitase facer na primevera, sen embargo este ano están iniciándose eses taballos ¿Qué aconteceu este ano para que este ano se iniciasen tan tarde? E ¿Vaise facer nesta época para os vindeiros anos, ou tratouse dun tema en concreto este ano?.”

12.20.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre perda de subvención de fondos europeos para o proxecto do Paseo Fluvial de Nós

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Ó igual que aconteceu coa axuda solicitada para a reforma do Mercado Municipal de Perillo, perdeuse tamén a subvención solicitada con cargo a fondos europeos para o Paseo Fluvial de Nós e polo que lles informaron, foi debido a unha tramitación incorrecta do expediente. Como sempre presumen de que todo o fan tan gustaríalles saber ¿Qué aconteceu para perder esa subvención?; ¿Quen é o responsable? E ¿Que se ten pensado facer sobre isto?.”

12.21.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre sobrecustes de pagos por indemnizacións

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:





CONCELLO DE
OLEIROS

“Vaina facer igual, aínda que sexa reincidir no xa exposto polos demais gruos da oposición, en canto ó pago dos --.000 € que vai pagar a veciñanza debido a que no seu intre o concello negouse a pagar esa indemnización e agora ratifícase xudicialmente ¿Vaise volver recurrir ou pagarase xa antes de que chegue a custar máis?.”

12.22.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre instalación de marquesiña e paso de peóns na Rúa Emilia Pardo Bazán

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Na Rúa Emilia Pardo Bazán, enfronte á Urbanización de Xaz, á altura de Almacenes Cordero, existe unha parada de autobús, de feito é tamén parada de bus escolar, polo que querían preguntar ¿Tense pensado instalar unha marquesiña e, a poder ser, un paso de peóns?.”

12.23.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre salarios da corporación municipal

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“¿Por qué o alcalde, Sr. García, segue empeñado en negar a evidencia matemática de que os salarios da corporación subiron un 18% desde o ano 2019? Argumentando que son mentiras bellacas do PSdeG, cando son datos que figuran no orzamento de 2022, subindo agora un 9%, coidan bastante máis que a media da veciñanza oleirense en 18 meses e ante a posible falla de resposta, diralle que a excusa de que o sobe o Estado, é bastante peregrina, porque vostedes como os gastos teñen que ir orzamentados, inclúen unha “coletilla” moi hábil á hora de sinalar das retribucións da corporación, da que se fala de que estarán vencelladas á lei de orzamentos do Estado e que será de aplicación as subidas que poidan ter os funcionarios.

Primeiro, un representante público non é funcionario como tal e segundo, iso establece en todo caso un límite, non unha obriga, o que acontece que como xa dixo antes cando se aproba o orzamento inclúe esa “coletilla” e a sí se chega a ese aumento do que falou.

Tamén o trataron e xustificar, alegando que había concelleiros e concelleiras que asumían máis responsabilidades e se ata de agora había 13 concelleiros ata o 2023 e se atendían todas as áreas, agora con ese incremento de retribucións cos mesmos concelleiros é unha anomalía.

Ademais do xa preguntado, tamén ¿Por qué non lles dín a que se van adicar as 7 persoas de Persoal Eventual que van nomear, ou que xa nomeou? Porque non saben se é o máis útil para os oleirenses ou é que foron vencellados...

Neste intre polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle ó concelleiro do grupo “Socialista” e que estaba a formular a pregunta, que non vai consentirlle nin a él nin á voceira do grupo que veñan ás sesións plenarias con ánimo de rebentalas, porque xa foron concelleiros e saben do funcionamento das sesións plenarias, e non vai consentir que veñan con demagoxias e falseando a realidade tratando de capitalizar a duración da sesión plenaria, polo que lle volve a requerir que se limite a formular a pregunta e a nada máis

“O Sr. **Fernández**, formula a pregunta ¿Por qué se nega a facer públicas as funcións a desenvolver polas 7 postos de persoal eventual do concello?

Sinálalle o alcalde, Sr. **García**, que esta pregunta xa foi contestada con ocasións do tratamento da moción presentada polo seu grupo, resposta que nega o Sr. **Fernández**, dicindo que non se lles contestou.

12.24.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre realización de estudo de retorno do futuro Auditorio de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“¿Ten feito o concello de Oleiros un estudio en canto ó retorno do gasto do Auditorio de Bastiagueiro? Porque vai expoñer as cifras, no ano 2008 este proxecto ascendía a 8,5 millóns de euros; no ano 2021 o alcalde sinalou que custaría uns 5 millóns e no ano 2023 licítase por 11,7 millóns de euros e non discuten a oportunidade,





discuten a xerarquía e prioridades e vai preguntar se ¿Non consideraría máis interesante calquera desas intervencións con 11,7 millóns de euros?.

Podería construír 250 vivendas, poñer deceas de tubaxe nova de abastecemento de auga que están a romper a diario; construír beirarrúas para a seguridade peonil; poñer ou renovar milleiros de puntos de luz, podería abordar todas estas actuacións, o alcalde escolle esa actuación parecido a un que con certa idade errou coa Cidade da Cultura e para rematar, xa que o auditorio vai ter unha capacidade par 2.000 persoas ¿Non pretenderá traer aquí ós Rolling Stones?."

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que o que non fará é o que está a facer o concello da Coruña gastando moitísimos millóns en contratos que se fan daquela maneira, aquí nunca se malgastan os cartos da veciñanza, pero aproveite e pregunte no concello da Coruña quen fai os contratos e sobre todo ¿Quen os controla? Porque hoxe sae en prensa unha concelleira do BNG da Coruña aludindo precisamente a isto ¿Quen controla e canto se gasta nestas contratacións?.

Sinala o concelleiro do grupo "Socialista", D. **Jesús Fernández**, que a concelleira do BNG non falou sobre iso senón sobre a idoneidade en que se permita un concerto de música electrónica preto dun espazo de interese local, como son as illas de San Pedro, iso é o que pon en cuestión o BNG.

12.25.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre paso restrinxido de vehiculos a motor nalgunhas urbanizacións

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"¿Cal é o motivo de que unhas poucas rúas teñan restrinxido o paso de vehículos a motor de residentes da zona? Ista pregunta chegoulle por unha en particular que debe coñecer o alcalde, porque é na zona onde reside e formuloulle un veciño e a verdade é que non lle soubo responder, polo que foi ó PMUS e puido ver as rúas que estaban escollidas e non veu por ningures unha xustificación polo que ¿Cal é a demanda do veciño en cuestión? Pois alega que coa cantidade de urbanizacións existentes ó longo do termo municipal, pois para todos ou para ningún, non poder ser que algunhas delas teñan o tráfico restrinxido só para residentes e outras, incluso máis grave, porque están en zonas co problema de mobilidade que ten este concello, a pesares de que se nega e que se usan como atallos e fan moi perigoso a circulación por esas rúas ¿Cal é o motivo? ¿Pódese abordar esta cuestión con máis profundidade, cunha reformulación do uso dos espazos públicos para evitar estes perigos?."

12.26.- Pregunta do grupo municipal "Socialista" sobre diferentes preguntas sobre varias peticións formuladas a diferentes administracións

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"¿En cantas convocatorias de axudas públicas e para poñer en marcha proxectos ós que acudiu este concello no período 2019-2023, como no caso do Paseo do Regatop de San Pedro ou do Mercado Municipal de Perillo resultou estimada a solicitude pola administración concedente?

E, falouse tamén antes da eliminación dun punto da rede de vía pública de camiños, tódolos anos a Xunta de Galicia convoca unha liña de axudas para acondicionamento e conservación de camiños públicos, a través do AGADER, gustaríalles saber ¿Acolleuse este concello a esa liña de axuda e se obtivo financiamento? E gustaríalle unha explicación, ó igual que solicitaron os seus compañeiros, de¿Cal é o motivo de que se acaden 47,5 puntos, cando o mínimo era de 50, no proxecto da senda de San Pedro? Ou ¿Cómo é posible que no aspecto de calidade da proposta obtivera 0 puntos? Merece unha explicación.

Finalmente, outra cuestión importante, no proxecto de petición do Mercado Municipal de Perillo, a explicación de que non se acadara o medio millón de euros solicitado foi que non se xustificou axeitadamente que se ía reducir en máis do 30% o consumo enerxético, menos mal que un dos asesores que contrata a dedo é asesor enerxético, aparentemente, tras moito buscar entre a súa falla de resposatas que como bo oleirense, venidero, desde hai oito anos, cando quera presentarse a outra convocatoria relacionada con cuestións enerxéticas,





CONCELLO DE
OLEIROS

comprométese a estudala e axudar a cubrir o proxecto, gratuítamente, polo simple compromiso cos seus veciños e veciñas.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que o concelleiro socialista remata de dicilo ¿Por qué ne Madrid tratan tan mal a Oleiros? Ó mellor é polos malos informes que emiten certas persoas desde o mesmo grupo socialista da Coruña, pero é que ademais existe unha mafia creada para que os proxectos a presentar a fondos europeos caian en determinados “consultings” porque do contrario non se conceden as axudas, e eses “consultings” adivien con quen están ligados, se vas da man con eles fructifican senón nada, de nada.

12.27.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre implantación do Plan de Mobilidade Sostible e a zona ORA

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Lembra que o concello de Oleiros aprobou en setembro de 2022 un Plan de Mobilidade Sostible, cun custe de 60.000 €, inmediatamente meteuse nun caixón e o alcalde sacou o de Oleiros Guapo que gústalle máis.

Esta pregunta xira en torno ás prazas de residentes e ó salientado Plan de Mobilidade Sostible, un documento que entende como moi importante para este concello porque é un dos problemas máis graves cos que conta. Este plan recollía que agora nesta época na zona azul xeraba problemas en zonas como Sta. Cruz, no Centro de Saúde de Mera, engadíria Bastiagueiro e a maltratada Sta. Cristina, para darlle solución a eses problemas o propio plan propón varias solucións como que os residentes non paguen a ORA ou que se xeren prazas de residentes fóra da ORA.

Ademais, ese plan tiña unha temporalidade porque o horizonte de implantación desa medida era a un curto prazo e estimaba o orzamento que lle ía custar ó concello, uns 6.000 €, pero chegado xuño non se puxeron en marcha esas medidas e a súa pregunta é ¿Cal é a razón? ¿O desinterese ou a negligencia? Porque só unha das circunstancias explica que non se teña posta en marcha esa medida.”

12.28.- Pregunta do concelleiro do BNG sobre prazas públicas en Escolas Infantís Municipais

Formula a pregunta o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Na listaxe definitiva que publicou o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar no pasado 31 de maio (única listaxe oficial e única dispoñíbel para a cidadanía, polo tanto única fidedigna), son 25 as crianzas que se atopaban sen praza nas escolas infantís públicas de Oleiros na faixa de 1-2 anos; para solucionalo, sería preciso abrir máis de 2 aulas (que contan cun máximo de 12 crianzas por aula, segundo a normativa).

¿Recoñece Concello a insuficiencia de prazas públicas en Oleiros?”

12.29.- Pregunta do concelleiro do BNG sobre estudo realizado en canto a vivendas baleiras e de nova construción

Formula a pregunta o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Segundo recentes estudos do INE, Oleiros ten 3.555 vivendas baleiras sobre as 19.268 que contabiliza o devandito estudo, un 18,4% do total. É un incremento de catro puntos con respecto ao 14,4% existente no 2011 e coincide, por certo cun importante incremento da concesión de licenzas para novas vivendas.

¿A que achacan isto? E ¿Cal é a solución dende o Concello?”

12.30.- Pregunta do concelleiro do BNG sobre a problemática do xabarán

Formula a pregunta o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O abandono do rural e dos xeitos tradicionais de vida, xunto cunha elevada e descontrolada presión urbanística están a alterar o hábitat e hábitos de especies como o xabarán, que se pasea decote a plena luz do día polo centro de Santa Cruz e outras áreas urbanas oleirenses e onde se está a normalizar a súa presenza.

Dentro das súas competencias ¿Que teñen pensado facer para reverter esta delicada situación?”

12.31.- Pregunta do concelleiro do BNG sobre a denegación de fondos europeos para actuacións solicitadas

Formula a pregunta o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:





CONCELLO DE
OLEIROS

“Esta pregunta xa a fixeron os demais grupos e trata sobre que de xeito ecete foron denegados en primeira instancia os fondos europeos solicitados para o Paseo do Rego e a reforma do obsoleto Mercado Municipal de Perillo, por non chegar ao mínimo esixíbel.

¿Como vai afectar a estes dous proxectos esa negativa europea á hora de financiarlos, será integramente a cargo dos orzamentos municipais?”

12.33.- Pregunta do concelleiro do BNG sobre diferentes conexións coa Urbanización de Xaz

Formula a pregunta o concelleiro do BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Veciñanza da zona de Xa, en concreto, na rúa Loural estanse a producir obras de conexión coa urbanización de Xaz ¿Vai demandar ó concello ás empresas privadas de telecomunicación, telefonía, que a instalación se leve a cabo de xeito soterrado ou se van seguir utilizando os postes obsoletos para no futuro ter que reabrir e sufrir molestias innecesarias?”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, contestando que no relativo ó acceso a ASPRONAGA, estase a falar dunha estrada de titularidade da Xunta de Galicia e xa no seu día demandouse da institución autonómica que fíxese o acceso ata confluir coa estrada que vai desde Perillo a Oleiros e non o fixeron, executaron son un tramo; outra parte de Sta. Cruz a Os Regos executouno o concello hai anos e agora tense previsto restauralo, insiste en que na estrada de titularidade da Xunta de Galicia, o que non vai facer o concello é beirarrúas á Xunta de Galicia cando, en cambio, en Abegondo a institución autonómica está a executar beirarrúas ata polos montes, porque o alcalde de Oleiros non é do PP pero si o de Abegondo.

Na praza de Agramar, toman nota do deterioro dese punto de luz e no que atinxe á instalación de plataformas de acceso ás praias xa existen, de feito, están almacenadas pero o que non va instalar son sombrillas ou toldos nas praias, porque son de uso persoal e deben levalos as persoas.

A ampliación de Fonte D’Ouro é unha loita permanente desde este concello coa Deputación provincial e será unha das peticións que insistirá neste mandado na institución provincial para que desde Oleiros a Iñás executese a beirarrúa, na súa marxe esquerda que non existe, no que existe moito perigo para os peóns e no que representa na continuación da estrada ata Os Vilares, que se amplíe no que ven sendo desde Arenaza ata a rotonda que se remata de facer.

Sobre a rotonda do club de tenis, non é unha rotonda é unha intersección e estudíase a ver que actuación se pode levar a cabo alí, de tódolos xeitos moita velocidade non se pode dar alí porque non dá para collela e dito isto, tamén quere sinalar que para evitar esa posible excesiva velocidade instalouse unha banda rugosa e a veciñanza da zona puxo o grito no ceo.

A respecto do foso do Seixo, que parece preocupar tanto ós tres grupos restantes, quere salientar que esa non é un terreo municipal, é do Estado e na sentenza ditada resólvese que existe unha zona verde municipal pero este foso non forma parte dela, e ó igual que cando retirou as pedras da Praia de Sta. Cristina, logo inhabilitárono. Por suposto que está resolución xudicial está recorrida porque na mesma existen serias dúbidas en canto a que non se entende que unha persoa estea ás 2 da mañán nunha zona a escuras, sen ningún alumeado, e tampouco está acreditado de que fose da forma da que se relata, porque nese foso ó estar a marea alta estaría cheo de auga, porque é un embarcadiro antigo e por iso tense recorrida esa sentenza.





CONCELLO DE
OLEIROS

O punto violeta non resulta estrano para as actuacións municipais, de feito, instálanse ó longo de todo o termo municipal nas afeitas e eventos porque o área de servizos sociais e da muller municipal conta coa súa concelleira ó fronte, acompañada do magnífico persoal adscrito ó seu departamento.

E no referente ó Xacobebo, o concello non o organiza, deben informarse mellor sobre isto e, é máis, xa en varias ocasións opúxeronse a esta actividade por entender que non é bo para a xuventude pero é unha actividade organizada pola comisión de festas e que non poden prohibilo.

Os cortes de luz é un tema que hai que reclamarlle a FENOSA, que fai o que lle peta porque existe unha obra na estrada que vai desde Montrove a Sta. Cruz que está parada porque a FENOSA non retora uns postes de luz e desde o 11 de novembro do ano pasado co contrato adxudicado á empresa, tivo a Deputación que ampliarlle os prazos á adxudicataria porque, insiste, en que non lle dou a gaña de retirar eses postes de luz e se non se retiran non se pode executar a obra, isto arránxase desde o Parlamento de Galicia na que teñen representación os grupos, así que aí é onde pode amañarse.

No que atinxe á petición de flexibilización de horario para poder estudar os asuntos que se inclúan na orde do día das sesións, xa existe un horario amplo de 8 a 15 h., polo que entende que é un horario suficientemente amplo como para ter acceso ós expedientes ¿Cal é a súa pretensión? Que veñan polas tardes os funcionarios...

Contéstalle a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que un ratiño en horario de tarde ou os sábados, que figura no ROM...

Négalle tal posibilidade o alcalde, Sr. **García**, e segue coa súa quenda de respostas dicindo que os sábados por un cambio na lei xa non son días hábiles, debería sábelo, polo que o concello e toda a administración pública do Estado está pechada e Oleiros non vai ser menos.

Pide a cesión do Porto de Sta. Cruz porque quere o mellor para ela e o goberno do Estado non fai un recheo de area se o concello non demostra que esa lámina de auga non é da Xunta de Galicia e falado con ela a institución autonómica fíxolle saber que non tiñan ningún interese nesa lámina de auga e que non existe un porto en Sta. Cruz, existiu no seu intre, hai un dique que forma parte do paseo marítimo e do que disfruta toda a veciñanza, bañándose, etc. e por iso pediulle a súa cesión á Xunta de Galicia, que insiste en que é a titular desa lámina de auga que vai desde o Castelo ata o propio dique, para poder solicitar do Estado que rechee de area a praia e se poida disfrutar pola veciñanza.

O concelleiro do BNG expuxo o tema de que a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña ían financiar unha actuación de rede de auga en Sarro, ogallá fora así pero é a primeira noticia que ten porque trátase dunha obra moi importante para os concellos de Cambre, Oleiros, Bergondo e tamén Sada, porque sería unha actuación que levaría unha nova tubaxe desde A Telva ata o Depósito de Auga de Bergondo, cruzando parte de Oleiros, unha parte moi importante do concello de Cambre e unha máis pequena do de Bergondo ¿Para qué? Para instalar unha tubería de máis capacidade ata Bergondo, xusto onde están os Depósitos de Auga que subministran a todo o Polígono Industrial, parte de Cambre e unha parte tamén de Oleiros, Iñás e Nós, e a todo Sada, para que haxa





CONCELLO DE
OLEIROS

garantías de subministración de auga con moito caudal e que se execute ademáis un novo Depósito en Sarro, xunto ós dous Depósitos xa existentes alí, todo isto debería financialo a Xunta de Galicia que no seu intre dixo que non, despois dunhas reunións tres os alcaldes de Oleiros, Cambre e a alcaldesa de Bergondo, xunto coa representante da Xunta de Galicia e con representación tamén de EMALCSA, que realmente é quen ten a potestade sobre o auga, e estes representantes comprometéronse a realizar un estudo sobre esta obra, existe xa un proxecto e se executará cando o contraten na Coruña, porque insiste en que o propietario de EMALCSA é o concello da Coruña e sen custarlle cartos aínda que sexa quen fai negocio porque vende o auga a tódolos concellos da comarca, financiándose coa subida de 1 céntimo/m³ a tódolos usuarios por onde vaia esta rede durante os anos que correspondan ata o financiamento total da obra e esa será a maneira de que se leve a cabo a obra cando a fagan, Oleiros non ten problemas de subministración de auga pero outros concellos do noso carón si; Oleiros conta con once Depósitos de Auga que xuntos tódolos concellos colindantes non chegan a eles, pero insiste en que Oleiros sí preveu esta cuestión coa fin de garantir o servizo á veciñanza.

A rotura da rede de auga na Avda. Salvador Allende é unha situación que se produce con certa asiduidade porque toda a rede de auga de Nós e Iñás foi executada en colaboración cos veciños e está obsoleta e a día de hoxe estase cun proxecto moi ambicioso precisamente nesa zona para mellorar a subministración de auga; no que se refire á drenaxe da praia de Sta. Cristina, é unha competencia da Xunta de Galicia ou desde o Parlamento de Galicia promover que se demande a Costas para que o faga.

Como ve que teñen especial atención cos pleitos municipais, dicirlles que sobre o tema desa chamada casa de citas, que tiña licenza de bar e resultaba ser un local de intercambio de parellas, dicirlles que teñen que ler ben a sentenza porque o que condenan ó concello é a pagar 1.500 € por mor dos tres meses do aluguer do local e telo clausurado, pero o propio xuíz deixaba moi clara no a sentenza que non había ponde onde coller esa demanda presentada polo inquilino do local e nada de nada ós 60.000 € que pretendía solicitar como indemnización e que se lle condoase a multa imposta polo concello, polo que non fagan tanto caso á prensa que non sempre din a verdade, miren o que aconteceu nestas últimas eleccións coas enquisas, que demonizaban a Tezanos e resulta que foi máis quen se aproximou ó resultado, agora que pasa coas enquisas deses diarios que pronosticaron o que logo non aconteceu.

Na quenda de preguntas, formulouse unha sobre a presenza das patrullas nas festas parroquiais e claro que si están nas festas non poden estar noutro lugar do termo municipal porque hai dúas patrullas e non vai haber catro patrullas de noite, nin de broma, e onde focalizan a súa actuación nese día, pois na festa que había e na que houbo unha serie de rapaces que fixeron altercados e a Policía Local fixo posible que non se danase a festa e se seguise disfrutando dela, existe unha plantilla ampla e hai pouco xa se convocaron 7 prazas vacantes.

O desbroce da maleza en camiños, que pouca cabeza teñen porque si o tiveran feito antes das eleccións seguramente houberan tido máis votos, pero non se puido porque houbo unha baixa, malogrouse un dos tractores e Oleiros ten practicamente 1.200 camiños e rúas e son moitos a atender e estase facendo aínda a día de hoxe.





CONCELLO DE
OLEIROS

Sobre o paseo do río de Nós, dicir que presentouse un proxecto inmejorable, cumprindo tódolos requisitos, un proxecto que aposta pola andaina e pola bicicleta, nunha zona Liás-Nós na que a veciñanza non pode circular polo perigo que conleva pola N-VI e precisan dun camiño polo que desprazarse con seguridade, é dicir, unha obra moi importante para a veciñanza desa zona e foi en Madrid onde rexeitaron axudar no proxecto a pesares de que ata tres delegados do gobernos en Galicia cos que se entrevistou manifestáronlle que non había problema.

Da marquesiña solicitada, toman nota e en canto ó proxecto do Auditorio, verano cando este afeito e sobre a limitación do paso de vehículos en urbanizacións que non teñen saída, existe un sinal que advirte que só para veciños da urbanización porque non ten saída.

O Concello concorre a practicamente tódalas convocatorias públicas que se ofertan e, por certo, a Xunta de Galicia cando solicitan axuda para o mantemento de camiños rurais sempre concede unha subvención, neste ano na Rúa Xentiña (Maianca) que está aprobado e previsto a súa execución; sobre o Plan de Mobilidade está aprobado.

O BNG preguntou sobre prazas nas escolas infantís e iso hai que lle dicir que Oleiros foi pioneiro en Galicia creando escolas infantís de 0 a 3 anos e que funcionan de maravilla e no seu intre, co goberno bipartito PSOE-BNG, co BNG levando esta área transferíronse á Xunta de Galicia quen asumiu os gastos, logo os gobernos posteriores aínda que agora digan que as prazas son gratuítas, pero a cargo da Xunta de Galicia e do concello, porque anualmente estanse a pagar uns 300.000 € e como hai 316 nenos e nenas nas escolas, custan ó concello uns 1.000 €/curso escolar, mailas obras de mantemento que soportan porque como a Xunta de Galicia non o fai é o concello quen as realiza porque ó final o que pensan é nas e nos pequenos de Oleiros.

O dos xabaríns é un tema que xa é moi acaído, porque desde a Xunta de Galicia non fan caso ningún, campan ás súas anchas, en Sta. Cruz están diariamente polas rúas, enfronte ó Hotel Noa, na Praza de Liás, en tódolos lugares e está a ver se colle algún para levarllo á conselleira, porque están cansos e algo haberá que facer para chamar a atención da institución autonómica porque xa está ben.

O Camiño do Loural está expropiado o terreo, estase arranxando e vai quedar ben, o que non o van deixar como está porque si se retiraron postes e peches é para deixalo acondicionado totalmente.

Solicita unha aclaración a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sobre as pasarelas nas praias municipais, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, que parte delas están instaladas ata a liña de marea e outras están almacenadas.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.30 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta e seis (46) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

